

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 19 de maio de 2008

ASISTENTES:
Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Oliveira
D. Carlos López Font
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

NON ASISTEN:

D^a Elena Maure Noia

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira

D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día dezanove de maio de dous mil oito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Blanco Serano.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(742).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 29 de abril de 2008. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(743).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS PARA A ORGANIZACIÓN DO “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO-VILA DE BOUZAS”2008. EXPTE. 2566/335.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, do 14.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Animación Sociocultural, do 4.03.08, conformado polo concelleiro delegado de Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Confraría do Santísimo Cristo dos aflixidos de Bouzas para a organización da edición 2008 do “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO – VILA DE BOUZAS”.

2º.- Facultar ó concelleiro de Animación sociocultural para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 9.000,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Cofradía del Santísimo Cristo de los afligidos de Bouzas (CIF G-36.690.170), con cargo á partida presupostaria 4512.489.0009 (Convenio Comisión Festas Bouzas) do programa presupostario de Animación sociocultural para o exercicio 2008.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A CONFRARÍA DO SANTÍSIMO
CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS

En Vigo, a _ de _____ de 2.008

R E U N I D O S

Dunha parte, D. XESUS LÓPEZ CARREIRA, Concelleiro de Cultura e Animación sociocultural do Excmo. Concello de Vigo en representación deste último, CIF P-3605700-H, con domicilio en Vigo, Praza do Rei, 1, CP 36202; en adiante O CONCELLO.

Doutra parte, D. PAULINO FREIRE GESTOSO, Confrade Maior, en representación da “CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS”, CIF G-36.690.170, con sede na rúa San Miguel, nº 1 - baixo, Bouzas, Vigo, e con poderes bastantes para asinar o presente Convenio; en adiante A CONFRARÍA.

M A N I F E S T A N

I. Que a “CONFRARÍA DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS DE BOUZAS” vén ocupándose, dende tempos inmemoriais, da organización, desenvolvemento e execución das festas anuais que se celebran na Vila de Bouzas - Cidade de Vigo, na segunda quincena no mes de xullo, en honra do “Bo Xesús dos Aflixidos”, patrón da Vila, e cuxo programa comprende, tanto actividades lúdicas coma relixiosas.

Que dentro de dito programa lúdico, e como principal e máis salientábel actividade, véñse celebrando o chamado “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL CIDADE DE VIGO - VILA DE BOUZAS”, na noite do terceiro domingo de xullo.

II. Que o dito Festival constitúe unha tradición consolidada dentro da oferta cultural e lúdica da cidade de Vigo, sendo o máis relevante dos da súa clase, así coma un dos máis prestixiosos da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto pola calidade e custo da súa execución, o número de espectadores directos do Festival, o seguimento e cobertura mediáticos do mesmo, e a antigüidade da súa celebración, constituíndose por todos estes motivos nun obrigado referente nas celebracións lúdico-culturais de todo o territorio nacional.

III. Que en virtude do gran seguimento popular de dito espectáculo, da tradición consolidada na súa celebración, e na constatada mellora ano tras ano da súa calidade e promoción, o Concello de Vigo considera necesario contribuír ó mantemento e financiamento do mesmo, como medio de garantir e conservar un dos signos distintivos da identidade colectiva da cidade de Vigo.

IV. Que o réxime xurídico de aplicación do presente convenio será a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento de desenvolvemento, así como a Lei de Galicia 9/2007, de subvencións de Galicia. Dado o carácter cultural, cívico e social, responde ademais ó previsto no artigo 88 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e forma parte das competencias atribuídas ós municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e ós municipios galegos, no artigo 80.2.n. da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Polo que, en consideración ó antes exposto establecen as partes asinantes a súa relación mediante este Convenio, que será rexido polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO

O Presente convenio ten como finalidade o co-financiamento polo CONCELLO do primeiro dos cinco actos nos que se divide o “FESTIVAL POÉTICO- PIROMUSICAL Cidade de Vigo-Vila de Bouzas”, denominado “APERTURA”.

Segunda.- PAGAMENTO

O CONCELLO realizará unha contribución económica como máximo do 75% do CUSTO TOTAL de contratación e execución do citado 1º Acto de APERTURA do Festival.

A dita contribución económica terá unha contía de 9.000,00 (nove mil) euros, para este ano 2008, con cargo á partida presupostaria 4512.489.0009 do programa orzamentario de Animación sociocultural a favor da CONFRARÍA, unha vez rematada a execución do Festival, mediante transferencia bancaria á conta corrente 2080.0016.18.0040020545.

Para poder efectuar os pagamentos, a citada entidade presentará solicitude de pago e xustificación documental da realización do acto subvencionado, segundo o disposto na cláusula terceira, apartado 1º, do presente Convenio.

Unha vez recibida a citada xustificación documental, o pagamento tramitarase polo servizo de Animación sociocultural, facendo constar unha certificación de persoa autorizada na que especifique que procede por cumprirse o clausulado do convenio.

O prazo máximo de aboamento será o exercicio económico no que se realice o Acto subvencionado do “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” de que se trate.

Terceira.- OBRIGAS

As obrigas que asume A CONFRARÍA son as seguintes:

1º. Presentar a través do Rexistro Xeral a memoria das actividades obxecto deste convenio (ACTO DE APERTURA do FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL), dentro dos trinta días seguintes á súa finalización, onde figurarán como mínimo:

- a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos espectáculos folclóricos celebrados, datos de participación e asistentes individualizados por evento e por cómputo global, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.*
- b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:
 - Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.*
 - Relación clasificada dos gastos con identificación do acredor e documento, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.*
 - Facturas ou documentos orixinais de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación do apartado anterior. Estes documentos poderán ser estampillados no caso de concorrer a outras axudas, indicando no mesmo o destino da axuda e importe imputado.*
 - Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade con indicación do importe e procedencia.**

2º. Asumir todo o concernente á organización xeral das actividades obxecto do convenio, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin.

3º. Realizar o “FESTIVAL POÉTICO-PIROMUSICAL” e en especial o acto de “APERTURA”, segundo a programación proposta e o presuposto aprobado.

Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, tendo comprobado con antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamento, para realizar as correccións técnicas que resulten necesarias.

4º. Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa do Festival, e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc) para dar resposta ás posíbeis incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da CONFRARÍA.

5º. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e todos os demais gastos derivados da realización das actividades e obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización da actividade.

6º. Informar e publicitar as actividades subvencionadas e financiamento municipal, incorporando os logotipos da Concellería de Cultura e Animación sociocultural e da Tenencia de Alcaldía nos materiais impresos (carteis, programas, pancartas, etc), medios electrónicos e audiovisuais ou anuncios en medios de comunicación.

Todo o material impreso que se vaia a editar terá que ser supervisado antes da súa edición polo persoal técnico do servizo de Animación sociocultural; deste material entregaranse 50 exemplares no servizo de Animación sociocultural antes do día 10 de xuño de cada ano.

A lingua que se empregará nos distintos soportes de difusión da actividade será o galego.

7º. A ENTIDADE terá que coordinar co departamento de prensa do CONCELLO todas as presentacións e roldas de prensa previstas obxecto deste convenio e do seu desenvolvemento.

Cuarta-. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

O mecanismo de seguimento deste convenio realizarase mediante a constitución dunha comisión mixta, composta polo concelleiro da área de Cultura e Animación sociocultural, que actuará como presidente, e polo confrade maior da CONFRARÍA. Como secretario actuará o xefe do servizo de Animación sociocultural.

Quinta-. DURACIÓN

O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

De non existir denuncia expresa previa do mesmo no prazo do mes anterior á súa finalización, poderase prorrogar a vixencia por períodos anuais naturais, previa solicitude de prórroga da CONFRARÍA, no cal se recollerán as novas accións a desenvolver, así como as posíbeis actualizacións das contías económicas que se achegan.

As achegas do Concello de Vigo subordinaranse á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos.

En todo caso, a vixencia do convenio non excederá do prazo máximo de catro anos.

Sexta.- As actividades obxecto deste convenio están destinadas ó público en xeral, con acceso libre e gratuíto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Sétima-. O Concelleiro de Animación sociocultural queda facultado para solucionar as controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu mellor cumprimento e desenvolvemento así como a unha maior difusión do Festival dunha maneira especial cos medios de comunicación galegos e incluso nacionais.

E en proba de conformidade, asinan por triplicado e para un só efecto o presente convenio, na data e lugar que se indica.

3(744).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/1900, 1/2141, 1/2163, 2/2122, 2/2114, 2/1978, 11/1365, 12/1823, 12/211, 12/221, 21/1848, 21/2004, 22/2129, 22/2225, 23/984, 23/1801.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa de SAF, conformados pola concelleira da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. José Rodríguez Gómez. Expte. 2/100.
- D^a. Flora Morales Romani. Expte. 1/2141.
- D^a. Josefa González González. Expte. 1/2163.
- D. Baltasar Cereijo Alvarez. Expte. 2/2122.
- D. Heriberto García González. Expte. 2/2144.
- D^a. Olga Cobas Rivas. Expte. 2/1978.
- D. Braulio Lago Balado. Expte. 11/1365.
- D^a. América Varela Picallo. Expte. 12/1823.
- D^a. Filomena Fernández Freire. Expte. 12/211.
- D. Fernando Bouza Rodríguez. Expte. 12/221.
- D^a. Antonia Franco Gerreiro. Expte. 21/1848.
- D^a. Berta Soto Vázquez. Expte. 21/2004.
- D^a. Alicia Gómez Alvarez. Expte. 22/2129.
- D^a. Blanca Rodríguez Redondo. Expte. 22/2225.
- D. Leopoldo Otero Baz. Expte. 23/984.
- D^a. Ana Pérez Martínez. Expte. 23/1801.

4(745).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA EXPTE. 1926/21.

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

- Conceder a prestación do Servizo de Centro de día para persoas maiores a D^a. Encarnación García Martínez. Expte. 1926/21.

5(746).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE STEFANO BOLLANI "I VISIONARI" PARA O FESTIVAL INTERNACIONAL DE JAZZ "IMAXINA SONS 08". EXPTE. 10922/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do programa Imaxina Sons'08, do 12.05.08, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural e pola xefa do Servizo de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 154.d da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, dun concerto de STEFANO BOLLANI "I VISIONARI", o día 3 de xullo, ás 21,00 horas, no auditorio do Concello , dentro do programa do *Festival de Jazz "Imaxina Sons'08"*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultura para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 24.244.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03, RC 17960, do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación 2080 0000 78 0040302691.

<i>PROXECTO DE CONTRATO DE PRESTACIÓN DE SERVICIOS PARA ACTUACIÓN ARTÍSTICA</i>
<i>STEFANO BOLLANI "I VISIONARI" Festival de Jazz de Vigo "IMAXINA SONS'08"</i>

En Vigo, o XXXXX de XXXXXX de dous mil oito.

Dunha parte D. Xesus López Carreira, en calidade de concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural, e en representación do CONCELLO DE VIGO, CIF P-3605700-H , con domicilio social en Vigo, Praza do Rei s/n, CP 36202, que no presente contrato denominarase O CONCELLO.

Doutra parte D. Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, en calidade de ADMINISTRADOR ÚNICO e en representación da empresa denominada PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., CIF B-36743755, con domicilio social na cidade de Vigo, rúa Policarpo Sanz, 22, 2º of. 9, CP 36202; no sucesivo A AXENCIA.

Ámbalas dúas partes, na representación que ostentan, recoñécense capacidade xurídica suficiente para celebrar o presente contrato que rexirá de conformidade ás seguintes

CLÁUSULAS

OBXECTO DO CONTRATO

PRIMEIRA.- O CONCELLO contrata á AXENCIA para que realice un concerto do grupo STEFANO BOLLANI "I VISIONARI", no sucesivo O ARTISTA, o venres 3 de xullo de 2008, ás 21,00 horas, no recinto denominado auditorio do Concello situado na cidade de Vigo. O ARTISTA efectuará un concerto dunha duración mínima de 60 minutos e máxima de 100 minutos.

Este concerto inclúese no programa do FESTIVAL DE JAZZ DE VIGO "IMAXINA SONS'08", que programa e organiza o departamento de Cultura do Concello de Vigo.

VALIDEZ

SEGUNDA.- A validez deste contrato será efectiva dende o momento en que se encontre en poder da AXENCIA, debidamente asinado e selado en todas as súas follas, incluídas as do ANEXO.

RETRIBUCION E GASTOS

TERCEIRA.- A AXENCIA percibirá unha retribución de 20.900.- Euros máis 3.344.- Euros (en concepto de 16 % de IVE), o que fai un importe total de 24.244.-Euros (VINTECATRO MIL DOUSCENTOS CORENTA E CATRO), en concepto da realización do concerto do ARTISTA; este concepto tamén inclúe o seu equipo técnico e humano necesario, ademáis dos correspondentes desprazamentos, aloxamentos e mantenza.

O pagamento deste importe realizarase mediante un talón nominativo a favor de Producción e Xestión Cultural S.L., que lle será entregado a Ángel Albino Escariz Pérez, NIF 36025890-R, ou persoa en quen delegue previa comunicación escrita ao CONCELLO, momentos antes do comezo do concerto, co ARTISTA no recinto, previa presentación de factura que se axustará aos requisitos establecidos no Real Decreto 1496/2003, do 28 de novembro.

CUARTA.- Serán de conta do CONCELLO todos os gastos que se xeneren como consecuencia do concerto, entre os que se inclúen a modo de exemplo os de organización, xestión, seguros, publicidade e dereiros de autor.

PERMISOS

QUINTA.- O CONCELLO, como organizador, responsabilizarase da obtención dos permisos necesarios para a celebración da actuación no lugar e data determinados.

AFORO E ENTRADAS

SEXTA.- O CONCELLO porá á venda un aforo de 298 butacas, a un prezo unitario de 3.-€ e será o total beneficiario da recaudación; así mesmo, entregará 10 invitacións á AXENCIA.

IMAXE DO ARTISTA

SÉTIMA.- O CONCELLO non poderá comercializar por si ou a través de terceiros, en ningún momento, algunha mercadoría ou produto vinculados ao concerto obxecto deste contrato que utilice a imaxe, o nome ou logotipo do ARTISTA, sen o previo consentimento da AXENCIA, por escrito. A AXENCIA reservarase o dereito da explotación de produtos relacionados co ARTISTA no día e lugar do concerto, acordando previamente co CONCELLO o lugar exacto e demais condicións de venda.

OITAVA.- Para efectuar calqueira retransmisión radiofónica, televisiva, toma de vídeo, fotografías ou calquera outro medio de gravación, será obrigatorio obter por escrito autorización da AXENCIA. Por este motivo, O CONCELLO non permitirá a entrada no local do concerto de ningún tipo de cámara de vídeo ou cine, gravadoras ou calquera instrumento ou aparato que rexistre ou reproduza son ou imaxe. O CONCELLO advertirá ao público sobre a imposibilidade de acceder ao local con estes obxectos.

NOVENA.- A AXENCIA fixará os contactos promocionais oportunos, consistentes en citas e en entrevistas cos medios de comunicación e demais persoas vinculadas ao espectáculo, polo que disporá dos pases necesarios ao lugar do concerto a fin de atender os seus compromisos.

A AXENCIA comunicará ao CONCELLO, con sete días de antelación, as normas para que os medios de comunicación poidan realizar a cobertura informativa do concerto. No caso contrario, enténdese que os medios acreditados polo CONCELLO poderán rexistrar imaxes e son dos cinco primeiros minutos do concerto.

PUBLICIDADE

DÉCIMA.- O CONCELLO, dende a sinatura do presente contrato, comprométese a realizar unha campaña de publicidade axeitada ao concerto, para o que A AXENCIA porá á súa disposición os elementos publicitarios que se consideren necesarios.

PATROCINIOS

DÉCIMO PRIMEIRA.- O CONCELLO poderá contar coa colaboración de institucións públicas ou empresas privadas no seu programa xeral de actividades do festival, o que implica que se reserva o dereito de poder exhibir publicidade ou anagramas dos seus colaboradores na publicidade xeral, así como no recinto do concerto e nos seus aledaños, excepto no escenario, co obxecto de evitar a asociación da imaxe do ARTISTA cos citados colaboradores.

O Festival de Jazz de Vigo IMAXINA SONS'08 está patrocinado a nivel xeral pola entidade FUNDACIÓN CAIXANOVA, e conta ademais coa colaboración da Consellería de Cultura e Deportes da Xunta de Galicia, a S.A. de Xestión do Plan do Xacobeo, o Instituto Camoes e a AIE, polo que os seus logos aparecerán inexcusablemente na súa publicidade xeral.

DÉCIMO SEGUNDA.- Se o concerto ou xira do ARTISTA dispón dalgún patrocinador, A AXENCIA, cunha antelación mínima de 30 días respecto á data do concerto, comunicará esta situación ao CONCELLO, quen poderá cancelar o contrato se existise algunha incompatibilidade cos seus propios patrocinadores. Neste caso, o CONCELLO comunicará esta circunstancia á AXENCIA nun prazo de 10 días, sen que corresponda indemnización algunha á AXENCIA.

SEGURIDADE DO CONCERTO

DÉCIMO TERCEIRA.- O CONCELLO responsabilizarase da seguridade xeral do concerto, polo que serán da súa conta a contratación dos medios mínimos definidos neste contrato ou no seu anexo, ademais do que se derive do Regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas e outra lexislación aplicábel; sen perxuízo da responsabilidade que corresponda ao propietario do local do concerto.

DÉCIMO CUARTA.- Sen perxuízo das responsabilidades que se poideran atribuír á AXENCIA ou ao ARTISTA sobre o cumprimento da súas obrigas en materia de seguridade, O CONCELLO cumprirá coas que lle correspondan.

DÉCIMO QUINTA.-O CONCELLO será responsábel de impedir que se introduzan no local do concerto obxectos que puideran resultar perigosos para a integridade física das persoas ou que poidan causar danos materiais aos elementos que formen parte do concerto.

DÉCIMO SEXTA.- O CONCELLO asume a obriga de garantir que en ningún caso o público teña acceso ao escenario, estruturas e equipos de son e luces, camerinos, etc., e, en xeral, aquelas zonas que se definan como perigosas para as persoas ou para o bo desenvolvemento do concerto.

DÉCIMO SÉTIMA.- O CONCELLO responderá da perda ou deterioro de todos os obxectos que O ARTISTA instale no local do concerto, tanto dos instrumentos e materiais de escenario, como dos efectos persoais de camerino, sempre e cando A AXENCIA entregue antes da súa entrada no recinto unha declaración escrita na que se detalle ese material ao CONCELLO.

INSTALACIÓNS

DÉCIMO OITAVA.- O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA o recinto do concerto desde as 9:00 horas do día do concerto e até as tres horas despois da súa finalización.

DÉCIMO NOVENA.- As instalacións, dependencias, persoal e servizos do lugar do concerto estarán en perfecto estado de dispoñibilidade, según as obrigas e condicións definidas en este contrato e o seu anexo, para asumir polo CONCELLO.

SUSPENSIÓN DO CONCERTO

VIXÉSIMA.- Se por calquera causa allea á AXENCIA, incluso fenómenos atmosféricos ou de forza maior, o concerto houbera de suspenderse, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións. A decisión sobre a suspensión será tomada conxuntamente entre os representantes da AXENCIA e do CONCELLO, mediante a sinatura dunha acta de conformidade.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- Se dende a sinatura do presente documento, O CONCELLO decidira suspender o concerto unilateralmente, A AXENCIA percibirá a totalidade das súas retribucións.

VIXÉSIMO SEGUNDA.- Só no caso de enfermidade ou forza maior xustificada do ARTISTA ou dalgún compoñente do seu equipo que lle impida cumprir os compromisos adquiridos mediante o presente documento, poderá A AXENCIA rescindir o mesmo, sen ningún dereito a indemnización por parte do CONCELLO; neste caso, A AXENCIA non percibirá cantidade algunha do pactado no presente contrato.

INCUMPRIMENTOS E COMPROMISOS

VIXÉSIMO TERCEIRA.- O incumprimento, total ou parcial, por parte do CONCELLO do establecido en calquera das estipulacións do presente documento, facultará á AXENCIA a rescindir o contrato.

VIXÉSIMO CUARTA.- O CONCELLO non asume respecto ao ARTISTA ou á AXENCIA ningunha outra obriga ou compromiso que non estea indicado expresamente neste contrato e nos seus Anexos.

XURISDICIÓN

VIXÉSIMO QUINTA.- As partes contratantes sométense aos Tribunais da xurisdición que corresponda á cidade onde se realiza o concerto, con expresa renuncia de calquera outro foro de xurisdición que puidera corresponderlles, para resolver cantas cuestións puideran derivarse con motivo da interpretación ou cumprimento do presente contrato.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

ANEXO DE CONDICIÓN TÉCNICAS

1. INSTALACIÓN E EQUIPAMENTOS.

1.1. ESCENARIO.

A AXENCIA coñece e acepta as condicións de escenario existentes no recinto de actuación.

1.2. SON E ILUMINACIÓN.

A AXENCIA instalará os seus propios elementos de escenario, equipos de son e iluminación

1.4 RECINTO E INSTALACIÓN.

O CONCELLO e A AXENCIA coñecen e aceptan as características xerais do local e as súas instalacións e considéranas axustadas ás necesidades do concerto.

2. ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

As instalacións eléctricas para a celebración do concerto serán a cargo do CONCELLO e reunirán as seguintes características:

Descrición.- Unha toma de corrente cun cadro interruptor con diferencial e todas as proteccións regulamentarias, tres fases (380 voltios), neutro e toma de terra (en tomas embornadas), para unha potencia de 70.000 wátios.

Situación.- A toma estará a pé de escenario.

As instalacións eléctricas do lugar do concerto axustaranse necesariamente ás normativas vixentes e O CONCELLO disporá da documentación que o acredite.

3. CAMERINOS.

O CONCELLO proveerá ao ARTISTA dun local a modo de camerino de uso exclusivo, aillados do público, próximos ao escenario e con acceso directo ao mesmo, con capacidade suficiente para as características do espectáculo.

Os camerinos estarán limpos e debidamente acondicionados, provistos dos seguintes elementos: servizos , luz eléctrica, enchufes a 220 voltios, cadeiras, mesas, espellos, toallas, xabón, papel hixiénico e pechadura con chave.

Ninguén alleo á AXENCIA ou ao ARTISTA, sen a súa autorización, accederá aos camerinos, que estarán dispoñíbeis e vixiados dende o inicio das montaxes ata o final da desmontaxe. O CONCELLO facilitará á AXENCIA ou ao ARTISTA o acceso inmediato aos camerinos cando estes llo requiran.

4. CATERIN.

O CONCELLO deberá suministrar no camerino do ARTISTA cunha antelación de UNHA HORA respecto á hora do comezo do concerto o catering, que de forma xeral consistirá en: auga mineral, refrescos, bocadillos variados, frutos secos, café e tés.

Tamén O CONCELLO proveerá de auga mineral aos técnicos antes (montaxes), durante e despois (desmontaxes) do concerto.

5. VEHÍCULOS.

O CONCELLO facilitará o acceso dos vehículos que transporten o equipo do ARTISTA até o escenario a fin de poder cargalo e decargalo. Finalizados os traballos de carga e descarga, A AXENCIA deberá retirar os vehículos.

6. MERCHANDISING.

O CONCELLO facilitaralle, se é o caso, á AXENCIA un espazo e mesa para o “merchandising” do ARTISTA, e unha persoa para a súa atención e venda.

7. PERSOAL DE PRODUCCIÓN.

7.1. RESPONSÁBEL DE PRODUCCIÓN.

O CONCELLO designará a unha persoa como único interlocutor válido ante A AXENCIA para as cuestións de produción e organización relacionadas co concerto. A AXENCIA coñecerá de antemán a identidade do responsable da produción, que estará presente no lugar do concerto á hora que se acorde para iniciar as montaxes. Durante o tempo de vixencia do contrato, o responsable da produción estará permanentemente localizábel.

7.2. PERSOAL DE CARGA E DESCARGA.

O CONCELLO facilitaralle á AXENCIA un equipo de CATRO persoas para tarefas de carga e descarga dos equipos; este persoal estará a disposición da AXENCIA dende o momento da chegada do equipo; o persoal volverá a estar dispoñible inmediatamente despois da finalización do concerto para a carga.

7.3. ELECTRICISTA.

O CONCELLO porá a disposición da AXENCIA un electricista cualificado e coñecedor da instalación do lugar do concerto, que terá que estar presente á chegada dos equipos do ARTISTA, durante as probas de son ou ensaios técnicos e durante o concerto. O resto do tempo no que estea vixente o contrato, estará permanentemente localizábel.

7.4. MANTEMENTO.

O CONCELLO ocuparase do mantemento das instalacións do local do concerto, polo que disporá ao seu cargo do persoal e materiais axeitados.

8. VIXILANCIA E SEGURIDADE.

O CONCELLO disporá dun equipo humano para realizar o servizo de vixilancia e seguridade que estará formado por persoal civil e especializado, e que deberá impedir a proximidade de persoas ao escenario, camerinos, “backstage”, equipos de son e luces, etc., de forma efectiva pero absolutamente respetuosa coas persoas. Este servizo cumprirá as obrigas de seguridade que se atribúen ao CONCELLO neste contrato.

O servizo de vixilancia e seguridade estará dispoñíbel dende 30 minutos antes do concerto até o final do mesmo. O persoal de seguridade atenderá

- zona de camerinos
- acceso ao escenario e “backstage”
- equipos de son e de iluminación

As indicacións dos responsables de produción designados polo CONCELLO, co obxecto de contribuir ao bo desenvolvemento do concerto e dar cobertura ás obrigas adquiridas polo CONCELLO ante A AXENCIA e O ARTISTA, en canto á vixilancia e seguridade.

En todo momento á zona de backstage só poderá acceder o persoal relacionado coa AXENCIA, O ARTISTA e o persoal de organización do CONCELLO. Todo o persoal relacionado co concerto deberá levar en lugar visible unha acreditación.

Dende 15 (quince) minutos antes do momento de comezo da actuación, O CONCELLO montará un dispositivo de seguridade integrado, como mínimo, por CATRO persoas identificábeis con acreditacións visíbeis.

O CONCELLO comunicará á AXENCIA a identidade da persoa que dirixirá o servizo de vixilancia e seguridade, que estará permanentemente localizábel durante a vixencia do contrato e no lugar do concerto dende o momento de inicio da montaxe do dispositivo de seguridade, que funcionará antes do comezo da actuación.

9. ACTUACIÓN E PROBAS DE SON.

9.1. DISPONIBILIDADE DE ESCENARIO E ACOMETIDAS ELÉCTRICAS.

Durante a xornada completa do día do concerto

9.2. PROBAS DE SON.

O ARTISTA precisa realizar unhas probas de son no lugar do concerto, que terán unha duración de DÚAS horas, e que se realizará o día da actuación de 16 a 18 horas, ou no horario que determine o CONCELLO.

9.3. HORARIO.

O concerto comezará con estricteza puntualidade á hora fixada neste contrato, que será a anunciada ao público, momento no que entrará en funcionamento a totalidade do dispositivo de seguridade e terán que estar finalizados todos os ensaios técnicos.

10. PUBLICIDADE.

A AXENCIA porá a disposición do CONCELLO, coa suficiente antelación, o material básico para a promoción do concerto

Ámbalas dúas partes comprométense a cumprir todos os compromisos integrados neste contrato e anexo de condicións técnicas do espectáculo; así como a acordar outras estipulacións que contribúan á perfecta realización da actuación.

E en proba de conformidade, asinan as partes este documento por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados.

6(747).- CONTRATACIÓN DO CONCERTO DE BARRY GUY NEW ORCHESTRA PARA FESTIVAL DE JAZZ “IMAXINA SONS 08”. EXPTE. 10923/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico responsable do programa Imaxina Sons'08, do 12.05.08, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultural e pola xefa do Servizo de fiscalización, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de contrato, que se achega no expediente, para a contratación, por procedemento negociado sen publicidade, dacordo co previsto no art. 154.d da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, dun concerto de BARRY GUY NEW ORCHESTRA, o día 4 de xullo, ás 21,00 horas, no auditorio do Concello, dentro do programa do *Festival de Jazz “Imaxina Sons’08”*.

2º.- Facultar ao concelleiro da Área de Cultura e Animación Sociocultura para asinar o presente contrato.

3º.- Autorizar un gasto por un importe total de 32.480.-€, con cargo á partida 451.0.226.08.03, RC 17960, do programa presupostario de Cultura vixente para o presente exercicio, en concepto da contratación do referido espectáculo e que se aboará a PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL S.L., con CIF B-36743755.

4º.- Que o pagamento se realice a través da conta de habilitación 2080 0000 78 0040302691.

7(748).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 10.160 € A FAVOR DE PRODUCCIÓN E XESTIÓN CULTURAL POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE MONITORAXE PARA O PROGRAMA “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 9449/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 9.05.08, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 15.04.08, conformado polo xefe do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 10.160 € a favor da empresa Producción e Xestión Cultural S.L. co CIF B-36743755 pola prestación do servizo de monitoraxe do programa educativo VIGO POR DENTRO dende o 8 ó 31 de xaneiro de 2008.

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ó prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida orzamentaria 422 0 227 06 05 “Vigo por Dentro” e bolsa de vinculación do vixente presuposto de 2008.

3º.- A imputación do gasto ó orzamento vixente non provoca perxuízo nin limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

8(749).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 9.682,42 € A FAVOR DE AUTOCARES LA FLORIDA POLA REALIZACIÓN DE VIAXES PARA O PROGRAMA “VIGO POR DENTRO”. EXPTE. 9461/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 24.04.08, e de acordo co informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 18.04.08, conformado polo xefe do Servizo de Educación e pola concelleira delegada de dito Servizo, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar unha indemnización substitutiva do gasto por importe de 9.682,42.-€ a favor da empresa AUTOCARES LA FLORIDA, S.A.L. co CIF A-36642536 pola prestación do servizo de transporte do programa educativo VIGO POR DENTRO dende o 8 ao 31 de xaneiro de 2008.

2º.- Imputar o referido gasto que corresponde ao prezo dos servizos prestados e recibidos de conformidade, con cargo á partida orzamentaria 422 0 227 06 05 “Vigo por Dentro” e bolsa de vinculación do vixente presuposto de 2008.

3º.- A imputación do gasto ao orzamento vixente non provoca perxuízo nin limitación algunha para atender o gasto do ano en curso no correcto funcionamento do servizo.

9(750).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) INVERSIONES DORPAL S.L. EXPTE. 74676/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 9.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 7 de setembro de 2005 por INVERSIONES DORPAL, S.L. con NIF B-36946820, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Ernesto Lecuona, por non producirse danos.

B) INVERSIONES PUERTO ENCANTADO S.L. EXPTE. 74679/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 9.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 8 de xullo de 2005 por INVERSIONES PUERTO ENCANTADO, S.L, con NIF B-36858017, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Paraguay, 23, por non producirse danos.

C) JALOHISA CONSTRUCCIONES S.L. EXPTE. 74680/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 9.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 23 de marzo de 2006 por JALOHISA CONSTRUCCIONES, S.L, con NIF B-36657823, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PINO, 86, por non producirse danos.

D) CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A. EXPTE. 74681/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 9.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 17 de xaneiro de 2007 por CONSTRUCTORA SAN JOSE, S.A, con NIF A-36006666, por un importe de 3.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Policarpo Sanz, nº 24, por non producirse danos.

E) EPYME C.B. EXPTE. 74682/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 9.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 18 de outubro de 2005 por EPYME, C.B., con NIF E-36931210, por un importe de 1.500 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa PINO, 86, por non producirse danos.

10(751).- RETENCIÓN DE AVAL Á ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS PARA RESPONDER DOS POSIBEIS DANOS OCACIONADOS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DA FEIRA DE ARTESANÍA OFEITOAMAN. EXPTE. 74353/210.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Transportes, do 23.04.08, que di o seguinte:

En data 2 de febreiro de 2008, por parte da ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS, presentouse un aval de 900 € para responder dos posibles danos derivados da celebración da Feira de Artesanía OFEITOAMAN, dende o 14 de decembro de 2007 ao 11 de xaneiro de 2008, na praza da Estación.

En data 28 de febreiro de 2008, mediante escrito asinado polo Enxeñeiro de Montes, solicítase que non se proceda á devolución de aval mentres non se subsanen os danos ocasionados nos xardíns da Estación de Renfe, cuxo importe ascende a 656,79 €, sendo ratificado este informe en data 21 de abril de 2008, asinado tamén polo Enxeñeiro de Montes.

Na data 15 de marzo do ano en curso, tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello, CON Nº DE DOCUMENTO 80033438, un escrito asinado por Manuel González Arias, presidente de OFEITOAMAN, no que indica de deixa ao criterio da Area de Mobilidade, Transporte e Seguridade a aplicación da retención que considere conveniente da cantidade despositada como aval.

Polo exposto, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte:

ACORDO

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á retención do aval presentado en data 11 de decembro de 2007 pola ASOCIACIÓN GALEGA DE ARTESÁNS, con C.IF.G-15.128.275, por un importe de 900 €, para responder dos posibles danos por un importe de 656,79 € con motivo da celebración da Feira de Artesanía OFEITOAMAN, dende o 14 de decembro de 2007 ao 11 de xaneiro de 2008, na praza da Estación, posto que non foron reparados os desperfectos que se causaran na praza da Estación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(752).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 71.287,23 € A FAVOR DA EMPRESA SIMCO S.L. POLOS TRABALLOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DOS PARQUES FORESTAIS DE VIGO. EXPTE. 4105/446.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 7.05.08, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro de Montes, conformado polo xefe da Área de Servizos Xerais e pola concelleira delegada de Parques e Xardíns, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecer unha indemnización substitutiva por importe de 71.287,23€ a favor da empresa Simco S.L. polos traballos de mantemento e conservación dos Parques Forestais de Vigo durante os meses de xaneiro, febreiro e marzo de 2008 e con cargo á partida 4326.210.00.01.

12.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS CCOO, CIG E UGT PARA O ANO 2008. EXPTE. 3394/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, de data 25.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 26.03.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de Colaboración entre o Concello de Vigo e as Unións Comarcais dos Sindicatos de Comisións Obreiras –CCOO-, Unión General de Trabajadores –UGT- e Confederación Intersindical Galega-CIG- para o ano 2008, que de seguido se transcribe.

2º.- Autorizar o gasto por importe total de 42.750,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, distribuído por terceiras e iguais partes (14.250,00€) a a favor das devanditas Unións Comarcais, con cargo á partida orzamentaria 463.1.489.00.03. e bolsa de vinculación do orzamento xeral do Concello de Vigo.

3º.- Delegar a sinatura do convenio no Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Hector Rodríguez Díaz.

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN CIDADÁ ENTRE O CONCELLO DE VIGO E AS UNIÓN COMARCAIS DOS SINDICATOS: UGT,CCOO, E CIG.

Na cidade de Vigo, na Casa do Concello, o día de de 2008,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Santos Héctor Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei 2, de Vigo

Doutra parte,

D. Olga Alonso Suárez, (DNI 36.042.551-X), secretaria xeral da Unión Comarcal da Unión Xeral de Traballadores de Vigo, UGT, con CIF: G-15.383.011,

D. Xosé Cameselle Romero, (DNI 35.985.378), secretario xeral da Unión Comarcal de Comisións Obreiras de Vigo, CCOO, con CIF: G-15.103.112.

D. Xerardo Abraldes Fernández, (DNI 36.040.431), secretario xeral da Unión Comarcal da Confederación Intersindical Galega, CIG, con CIF: G-36.706.927.

Tódalas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente convenio, e para o efecto,

EXPOÑEN

Que nun estado social e democrático de dereito como é o noso, a participación dos sindicatos no correcto funcionamento do sistema democrático é fundamental. A Constitución española de 1978, no seu título preliminar, art. 7, recoñécelles aos sindicatos a contribución que teñen na defensa dos intereses económicos e sociais que lles son propios.

O Concello de Vigo vén realizando no presente mandato, esforzos co fin de permeabilizar a actuación pública dos seus órganos políticos e administrativos. O obxectivo trazado con carácter prioritario, fúndase no convencemento de que unha sociedade democrática e participativa é aquela que coñece cabalmente a actuación dos seus poderes públicos, e a súa vez coparticipan na toma de decisións, formulando propostas e analizando solucións.

Este labor baséase na articulación da participación cidadá , por medio de entes ou organizacións que detectan, indican e colaboran na solución das distintas problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora das condicións de vida e progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

As organizacións sindicais, como organizacións non lucrativas e de interese social, non son alleas a este fin. Nunha cidade como a nosa, é doado recoñecer a importancia das organizacións sindicais á hora de definir o perfil humano e sociolóxico do cidadán vigués. Os sindicatos sempre acadaron unha longa experiencia na prestación de determinados servizos sociais e na consecución de proxectos empresariais de carácter xeral.

Dado o interese do anteriormente exposto, O Concello de Vigo e as mencionadas entidades sindicais, veñen asinando desde a súa aprobación o 30 de decembro de 1992, un convenio de colaboración co fin de establecer un marco conxunto que permita materializar a presente declaración de intencións, e coordinar os seus obxectivos.

Atendendo o Regulamento de participación cidadá, as devanditas seccións comarcais dos sindicatos, atópanse inscritas no Rexistro Municipal de Entidades do Concello, CCOO: 487/96, UGT: 488/96 e CIG: 489/96.

En consecuencia, as entidades intervenientes proceden á formalización do presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é regular a colaboración e cooperación das catro entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita a prestación descentralizada dun servizo de información e atención á cidadanía e o desenvolvemento dun conxunto de accións sociais de interese xeral para os veciños e veciñas desta cidade.

Segunda.- Actividades obxecto de financiamento

Conforme a memoria que achega as entidade sindicais, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos, e declaración para ser beneficiaria da subvención, establécense as accións indicadas no Anexo I, para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello.

Segunda.- Ámbito territorial

O ámbito de desenvolvemento das actividades do presente convenio, é o termo municipal de Vigo.

Terceira.- Destinatarios das actividades

As actividades recollidas no presente convenio, estarán destinadas ao público en xeral, e en particular aos afiliados das respectivas centrais sindicais. O acceso será público e gratuíto. O número de asistentes limitarase ao aforo do lugar onde se realicen.

Cuarta.- Supervisión, seguimento e avaliación

Para a supervisión do convenio, así como para establecer os criterios non previstos no funcionamento do servizo de información, crearase unha comisión de seguimento, presidida polo concelleiro de Participación Cidadá ou persoa en quen delegue, e composta por unha persoa proposta por cada un dos sindicatos asinantes, que ao tempo farán de interlocutores ante o Concello, e un técnico municipal da Concellaría de Participación Cidadá que actuará de secretario.

O mecanismo de seguimento da prestación do servizo e das actividades que derivan do presente convenio, establécese baseándose nos informes trimestrais, que a requirimento do Servizo de Participación Cidadá puideran solicitarse, emitirían as organizacións sindicais das actividades realizadas, e a memoria final anual, e demais documentación e información esixida na cláusula decimo primeira, sen menoscabo da presenza do persoa da Concellaría de Participación Cidadá nas actividades que esta determine. Deberáselle informar á Comisión de Seguimento de cantas inobservancias, incumprimentos ou anomalías se detecten no desenvolvemento deste.

Correspóndelle a Xefatura de Participación Cidadá do Concello de Vigo, a emisión da certificación que acredite e xustifique o cumprimento do convenio.

Quinta.- Vixencia

A vixencia do convenio será do 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2008.

Sexta.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo

O Concello resérvase as prerrogativas de interpretar o presente Convenio, modificalo, resolvelo, vixiar polo seu cumprimento e ditar instrución de obrigada observancia para a súa mellor execución.

Obter a información e documentación que considere necesaria a fin de determinar o cumprimento parte das organizacións sindicais das accións conveniadas.

Determinar, segundo a información e documentación establecidas na cláusula décima, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

Sétima.- Dereitos e obrigas xerais das organizacións sindicais

Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas, atendendo en particular os seguintes requisitos:

- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ao público. Con antelación suficiente comprobar o correcto funcionamento das instalacións e equipos, e contar en todo momento co material e persoal de organización mínimo necesario para o correcto desenvolvemento das actividades.*
- Dar ás actividades o maior grao de publicidade, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo e as condicións da cláusula oitava.*
- Presentarlle ao Concello o balance anual de xestión e económico, xunto co inventario actualizado das súas dotacións e instalacións. Así como o informe semestral de xestión e a memoria final das actividades conveniadas conforme coas condicións da cláusula décima.*
- Velar pola boa marcha das actividades programadas, así como pola seguridade do público participante nas actividades.*
- Asumir as responsabilidades que procedan da realización das actividades que se convenian, e en particular a contratación laboral do persoal adscrito a estas.*
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.*
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor, e demais gastos derivados da execución das actividades.*
- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello. Está obrigada, igualmente, a facilitar canta información e documentación se lles solicite.*
- Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.*
- Comunicarlle ao Concello, departamento de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas do inicio das actividades, e programación. Obrígaselle, tamén, a comunicarlle cunha antelación mínima de 5 días naturais calquera incidencia que imposibilite ou aprace a execución da actividade.*

Oitava.- Recursos e sistemas de comunicación, información e publicidade.

A difusión individualizada das actividades e servizos programados con cargo ao convenio correspóndelle a cada organización sindical. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información sobre as actividades, especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada relacionada coas actividades programas, figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello, e as respectivas seccións sindicais, nas mesmas condicións e tamaños, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- As organizacións sindicais someterán a conformidade do Concello as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal.
- De todo o material editado, entregaranse 10 exemplares na Concellaría de Participación Cidadá.
- Dedicar un mínimo dun 10% do gasto das actividades a sistemas de difusión e información: carteis, programas, etc.
- Publicitar nos medios de comunicación local o servizo de información ao cidadán e sinalizalo nun lugar visible e perfectamente identificado na entrada do local social da entidade. Deberá aparecer a información do logotipo do Concello e o horario de atención ao público.

Novena.-Da participación

As organizacións sindicais asinantes comprométese a colaborar e participar activamente nos órganos que se constitúan para o desenvolvemento do Regulamento de participación cidadá e de distritos, así como naquelas actividades institucionais que requiran unha inmediata e directa participación da cidadanía en asuntos de interese xeral ou sectorial da cidade.

Décima.- Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas no presente convenio, e que así mesmo, figuran recollidos nos presupostos presentados por cada entidade sindical.

Décimo Primeira.- Réxime financeiro, tramitación de pagos e liquidación

- 1) O Concello de Vigo, e con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica anual de 42.750,00 € (Corenta e dous mil setecentos cincuenta euros), para repartir por terceiras e iguais partes (catorce mil douscentos cincuenta euros), entre as devanditas unións comarcais dos sindicatos UGT, CIG, CCOO, con cargo á partida 4631.489.00.03, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo I.
- 2) O pago realizarase mediante transferencias bancarias ás seguintes contas correntes:
UXT: código entidade: 2080 código oficina: 021739 núm. cta. 0040001256.
CIG: código entidade: 2080 código oficina: 012773 núm. cta. 0040000194.
CCOO: código entidade: 2080 código oficina: 004067 núm. cta. 0040011889.

- 3) *Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición das entidades interesadas, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.*
- 4) *As organizacións sindicais, unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:*
- a) *Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.*
- b) *A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:*
- *Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:*
 - (1) *Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado*
 - (2) *Datas e lugar de celebración.*
 - (3) *Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.*
 - (4) *Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folia aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.*
 - (5) *Actuacións realizadas.*
 - (6) *Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.*
- c) *Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá*
- *Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.*
 - *Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
 - (1) *Número e no seu caso serie.*
 - (2) *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - (3) *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - (4) *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*

- (5) *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
- (6) *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base imponible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
- (7) *Lugar e data de emisión.*
- (8) *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*
- 5) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

Décimo segunda.-*Causas de resolución do convenio, solución e controversias.*

O incumprimento do especificado nas cláusulas do convenio, mesmo por parte das entidades receptoras, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar correspondente liquidación e a obriga pola entidade sindical correspondente, do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de intereses de demora dende o momento do seu pago.

A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo terceira.- *Réxime xurídico*

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolve-las dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

Décimo cuarta.- *Final:*

Lido por as catro partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asinan e rubrican por cuadruplicado exemplar, no lugar e datas indicados no inicio.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2008	ORZAMENTO
<u>UGT.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán.	22.000 €
✓ Xornada: “Mutuas de Traballo”.	1.000 €
✓ Xornada: “Lei de Igualdade”.	1.000 €
Total	24.000 €
<u>CCOO.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán.	18.829,29 €

✓ Xornada: “Xuventude e Iniciativas de Emprego”.	1.300 €
✓ Xornada: “Vivenda de Protección”.	1.269 €
✓ Xornada: “A Área Sanitaria de Vigo”.	1.252 €
<i>Total</i>	22.650,29 €
<u>CIG.:</u>	
✓ Servizo de información e atención ao cidadán.	16.120 €
✓ Charla-Coloquio: “A Incidencia da emigración na mocidade”.	832 €
✓ Charla-Coloquio: “A Lei de Igualdade, repercusión e aplicación práctica”.	832 €
<i>Total</i>	17.784 €

13(753).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO PARA O ANO 2008. EXPTE. 3395/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, de data 24.04.08, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 14.12.07, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, para o fomento de actividades de fomento de participación cidadá e desenvolvemento sociocomunitario.

2º.- Autorizar o gasto por importe total de 4.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente Convenio, con cargo á partida orzamentaria 463.1.489.00.00. de Participación Cidadá.

3º.- Delegar a sinatura do convenio no Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Hector Rodríguez Díaz.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A AGRUPACIÓN DE CENTROS DEPORTIVOS E CULTURALS DE VIGO, PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ E DESENVOLVEMENTO SOCIOCOMUNITARIO-ANO 2008

Na Casa do Concello da cidade de Vigo, o día de de 2008

REUNIDOS

Dunha parte, D. Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá do Concello de Vigo (CIF P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei 2, de Vigo

Doutra parte, D. José Lourido Penedo, Presidente da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, (CIF G-36791291), con enderezo en r/ Ecuador, 34 de Vigo

Ambas as dúas partes interveñen coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren, e recoñécense mutuamente a capacidade legal suficiente, que din non ter limitada, para o outorgamento do presente Convenio, e para o efecto

EXPOÑEN

Conforme ao previsto na lexislación vixente, e entre as que se cita a Lei 7/1985 reguladora das bases de réxime local, a Lei 5/1997 da administración local de Galicia, o R.d Lexislativo 781/1986 polo que se aproba o texto refundido en materia de réxime local e o R.d 2568/1986 de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente, optando dunha maneira decidida pola democracia participativa como complemento e profundar na democracia representativa.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, festivas, deportivas e culturais, etc., inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da cidadanía e mellora da súa calidade de vida, solucionado problemáticas sociais, cooperando co Concello na mellora do progreso socioeconómico da cidade, e que á súa vez integran proxectos máis amplos que conxugan vontades individuais co servizo á comunidade.

Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles aos que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo.

Dentro dese tecido social que se forma nos nosos barrios e parroquias e que conforman a nosa cidade é de salientar a importante implantación do movemento asociativo veciñal en xeral, e en particular a labor da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, a cal ven colaborando, ao longo do tempo, co Concello de Vigo no desenvolvemento de diferentes programas de interese xeral.

Atendendo ao Regulamento de Participación Cidadá, a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo está inscrita no Rexistro Municipal de Entidades Cidadáns co número 386/95, e ten entre as súas competencias a promoción de actividades sociais, culturais e deportivas nos distintos barrios da cidade, xunto coa colaboración permanente nas actividades cidadáns organizadas por este Concello de Vigo.

Un aspecto fundamental para asegurar o necesario desenvolvemento da Federación, constitúeo o fomento das súas actividades de organización, xestión e administración, así como a potenciación das distintas actividades e carácter social, cultural, formativa e informativo que programa a entidade que se achegan como anexo a este convenio.

En consecuencia ao exposto, ambas as dúas entidades intervinientes proceden á formalización do presente convenio de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

Constitúe o seu obxecto establecer as bases de colaboración e regular a cooperación entre as dúas entidades, de xeito que este esforzo conxunto permita o fomento ao desenvolvemento dunha serie de accións de carácter organizativo, informativo e sociocomunitario, que permitan a programación e desenvolvemento de distintas actividades de carácter cultural, cívico e social, referenciadas no presente convenio.

SEGUNDA.- Actividades obxecto de financiamento

Conforme a memoria que achega a asociación, na que constan os antecedentes, razóns de oportunidade, obxectivos perseguidos, e declaración para ser beneficiaria da subvención, establécense as accións que se achegan no Anexo I, para desenvolver e as axudas económicas outorgadas polo Concello.

TERCEIRA.- Destinatarios/as

As actividades de carácter sociocomunitario recollidas no presente convenio destinaranse ao público en xeral. O seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.

CUARTA.- Dereitos e obrigas xerais do Concello de Vigo

- O Concello tendo en conta o carácter administrativo do convenio, resérvase as prerrogativas de interpretar o presente Convenio, modificalo, resolvelo, vixiar polo seu cumprimento e ditar instrución de obrigada observancia para a súa mellor execución.
- Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da asociación das accións conveniadas nas distintas áreas establecidas.
- Determinar segundo a información e documentación establecidas na cláusula 8ª, a correcta execución e cumprimento dos obxectivos marcados e a liquidación das contías establecidas na cláusula segunda en concepto de axudas económicas derivadas da súa execución.

QUINTA.- Dereitos e obrigas xerais da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo

- Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades conveniadas.
- Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Participación Cidadá, cunha antelación de 15 días naturais, o lugar, datas e horas de inicio das actividades, e programación para desenvolver. Así mesmo, obrígase a comunicarlle calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
- Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros na súa condición de usuario da propiedade municipal e tendo en conta ó Concello como un dos asegurados. Asemade esta incluirá a responsabilidade civil locativa que ampare calquera dano que poida ocasionar ó local polos actos u omisións de carácter negligente co límite de indemnización mínima fixado no acordo de cesión do Pleno do Concello de Vigo, e en todo caso a falta deste acordo polo importe mínimo de 300.506 € .
- Editar o material gráfico da programación das actividades sociais que figuran no convenio e a súa distribución no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá- como patrocinador das actividades, sendo esta cuestión extensible ás placas de trofeos, carpetas, distintivos e outros elementos que realicen.
- Na edición de calquera revista reservaranse dúas páxinas para os saúdas do alcalde e do Concelleiro de Participación Cidadá, figurando na contraportada do libro o texto "Patrocinado polo Concello de Vigo -Concellaría de Participación Cidadá-" co seu logotipo.
- Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
- Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades conveniadas.
- Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento puidesen realizar os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a facilitar canta información e documentación se lles solicite.
- Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

SEXTA.- Mecanismos do seguimento e comprobación da execución do Convenio

O mecanismo de seguimento, control e inspeccións deste convenio establécese en base á memoria final que presente a Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, sen menoscabo da presenza do persoal municipal nas propias actividades que esta determine.

O servizo de Participación Cidadá levará a cabo a comprobación da subvención, que se materializará na emisión dun informe no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto do convenio, ou aquelas deficiencias ou circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa

conformidade cos documentos xustificativos presentados. Este informe incorporárase ao expediente para a súa fiscalización xunto coa xustificación da subvención.

SÉTIMA.- Gastos subvencionables

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza das actividades subvencionadas no presente convenio, e que así mesmo, figuran recollidos nos orzamentos achegados pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo.

OITAVA.- Réxime financeiro, tramitación dos pagos e liquidación

- 1) O Concello de Vigo, con cargo ao vixente orzamento da Concellaría de Participación Cidadá, asignará unha achega económica de 4.000,00 € (CUATRO MIL EUROS), con cargo á partida 463.1.489.00.00., do vixente orzamento da Concellaría Participación Cidadá, que lles permita facer fronte aos gastos correntes derivados dos programas e actividades que se valoran no anexo. Esta cantidade seralle aboada a entidade recreativa mediante transferencia bancaria á conta corrente número: 2091-0540-04-3040003578.
- 2) Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo a conta de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidade financeira dos mesmos.
- 3) A Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo, unha vez rematadas a/s actividade/s e dentro dos trinta días seguintes ao remate da vixencia do convenio, presentarán no Rexistro Xeral do Concello a conta xustificativa da subvención outorgada que conterá a seguinte documentación e información:
 - a) Unha memoria final do programa de actividades obxecto deste convenio en formato papel e electrónico, onde figurarán como mínimo os datos de participación, a memoria de prensa, un rexistro fotográfico ou audiovisual, e unha conta xustificativa cos xustificantes de gastos ou calquera outro documento de validez xurídica que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
 - b) A xustificación do gasto farase a través do persoal técnico do Servizo de Participación Cidadá que forme parte da Comisión de Seguimento, e o funcionario que se acorde como responsable do seguimento deste convenio será o encargado do seguimento da execución da subvención, así como de certificar a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que incorporará a cada Conta Xustificativa, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade cos documentos xustificativos presentados. As contas xustificativas que conterán con carácter xeral, a seguinte documentación:
 - Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará a ser posible, a seguinte información:
 - (1) Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado
 - (2) Datas e lugar de celebración.
 - (3) Colectivo afectado, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
 - (4) Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación e a identificación dos participantes e do monitor/a cos seus apelidos e nome, enderezo e número de teléfono.
 - (5) Actuacións realizadas.
 - (6) Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
 - Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - (1) Unha relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, no seu caso, data de pago.

- (2) *Facturas orixinais ou fotocopias compulsadas conformadas, polo importe total da subvención outorgada. Ditas facturas deberán conter os seguintes requisitos esixidos legalmente:*
- (a) *Número e no seu caso serie.*
 - (b) *Nome e apelidos ou denominación fiscal.*
 - (c) *Número de identificación fiscal (NIF ou CIF)*
 - (d) *Enderezo (tanto do expendedor como do tomador da factura)*
 - (e) *Descrición detallada cos prezos unitarios, se é o caso, da operación, adquisición ou contraprestación.*
 - (f) *Se está suxeito a IVE, deberán consignarse os datos necesarios para calcular a base impoñible e sinalar o tipo de imposición. Nas facturas emitidas por entidades exentas de IVE, achegarse o documento xustificativo de tal situación.*
 - (g) *Lugar e data de emisión.*
 - (h) *Nas facturas emitidas por profesionais, a pertinente retención do IRPF.*
- (3) *Unha declaración detallada doutros ingresos ou subvencións que financien as actividades subvencionadas con indicación do importe e a súa procedencia.*
- (4) *Unha Declaración xurada do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:*
- (a) *Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se acheguen se aplicaron á actividade subvencionada.*
 - (b) *Que foron abonadas aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.*
 - (c) *Que esta entidade non se atopa incurso en ningunha das circunstancias que figuran no art. 12 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*
 - (d) *Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal de Administración Tributaria.*
- 4) *Para posibilitar o control da concorrencia de subvencións, todos e cada un dos documentos orixinais que se devolvan ao beneficiario da subvención deberán ser validados e compulsados polo servizo xestor, mediante un selo existente ao efecto no que se indica a subvención para cuxa xustificación foron presentados e se o importe do xustificante imputouse total ou parcialmente á subvención, e a cuantía exacta que resulta afectada pola subvención, polo que é preciso a presentación dos orixinais xunto coas súas copias.*

NOVENA.- Causas de resolución e solución de controversias

O incumprimento do especificado no clausulado do convenio, mesmo por parte da entidade receptora, poderá significar a cancelación do presente convenio e revogación do acordado.

A non realización total ou parcial das accións obxecto do convenio, ou a falta da debida xustificación e acreditación das cantidades achegadas polo Concello, dará lugar a correspondente liquidación e a obriga pola Agrupación de Centros Deportivos e Culturais de Vigo do reintegro ás arcas municipais das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora dende o momento do seu pago.

A concelleira de Participación Cidadá queda facultada para solucionar en primeira instancia as posibles controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar as iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMA.- Réxime xurídico aplicable

O presente convenio administrativo regularase polas súas propias cláusulas e demais normativa administrativa de aplicación directa e supletoria, e en particular pola lei 38/2003 de 17 de novembro, Lei Xeral de Subvencións e a Lei 9/2007 de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia no relativo ós procedementos de xestión, xustificación, reintegro, infraccións e sancións; e no seu defecto pola normativa de dereito privado.

As prestacións non constitutivas de subvención previstas no convenio, rexeranse polo estipulado neste, aplicándose os principios do TRLCAP para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Vixencia

A vixencia do convenio será desde a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro do ano 2008.

DÉCIMO SEGUNDA.- Final

Lido por ámbalas dúas partes, e como proba de conformidade co expresado no presente convenio, asínano e rubricano, por cuadruplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica no comezo.

14(754).- BASES DE PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXPTE. 5189/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.05.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases de procedemento de selección do equipo técnico do Plan Municipal de Emprego 2008-2011, que de seguido se transcriben.

BASES PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN EQUIPO TÉCNICO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011

Natureza e duración dos contratos:

O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada a xornada completa.

A duración será de un (1) ano de contrato coa posibilidade de unha prorroga de un (1) ano.

As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2008-2011.

Establécense os seguintes períodos de probas:

Para os postos de Coordinador/a e de Técnicos: Tres (3) meses.

Para os postos de Auxiliar administrativo Un (1) mes.

Postos de traballo:

Un/ha (1) Coordinador/a .

Un/ha (1) Técnico Xestión económica.

Un/ha (1) Técnico Xestión Formación.

Un/ha (1) Técnico Xestión desenvolvemento de proxectos.

Dous/dúas (2) Auxiliares administrativas.

Funcións e perfís requeridos:

Para o posto de Coordinador/a:

Con funcións de coordinación entre programas que permitan a integración das diferentes accións a desenvolver, así como na redacción e realización de novos proxectos acollidos ós diferentes programas do plan.

Titulación Superior preferentemente en enxeñería industrial.

Experiencia na xestión de proxectos de emprego e na coordinación de equipos. (1 ano mínimo)

Coñecemento de informática a nivel usuario.

Coñecemento de idiomas: Inglés e Galego.

Para o posto de Técnico Xestión Económica:

Con funcións de carácter económico-financeiras das distintas accións a desenvolver no marco do Plan Municipal de emprego.

Titulación media ou superior, preferentemente en empresarias ou económicas.

Experiencia como Xestor económico en programas ou proxectos de emprego.

Coñecementos de informática a nivel usuario.

Coñecemento do Galego.

Para o posto de Técnico Xestión de Formación:

Con funcións de Organización, xestión e seguimento das diversas accións formativas que se pretenden desenvolver dentro do Plan.

Titulación media ou superior preferentemente en relacións laborais e empresarias.

Experiencia como técnico/a na Xestión e posta en marcha de programas de formación.

Coñecemento de informática a nivel usuario.

Coñecemento do Galego.

Para o posto de Técnico Xestión Desenvolvemento de Proxectos:

Funcións de control, organización e posta en marcha dos proxectos que se desenvolverán dentro do Plan.

Titulación media ou superior.

Experiencia na Xestión e desenvolvemento de proxectos.

Coñecemento de informática a nivel usuario.

Coñecemento do Galego.

Para os postos de Auxiliar administrativo.

Con funcións de apoio administrativo e atención ó público.

Ciclo de grado medio ou superior de administración, secretariado ou equivalente.

Experiencia (como auxiliar administrativo) con funcións de atención ao público.

Coñecemento de informática

Coñecemento da lingua galega.

Procedemento de selección:

Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.

Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarase orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

Para acreditar a formación recibida presentarase fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.

Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.

Ós/as candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias comulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.

A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

Valoración dos méritos aportados:

Esta función realizarana o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello.

Valoración de méritos para o posto de Coordinador/a:

Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):

Titulación superior e complementaria 1,00 puntos.

Titulación establecida como preferente 0,50 puntos.

Experiencia na xestión de proxectos de emprego e na coordinación de equipos, como técnico superior (máximo 4 pts):

Na administración local. 0,10 puntos/mes.

En outras administracións ou empresas 0,05 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 pts):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</u>	
Curso de Iniciación ou equivalente:	0,50 puntos.
Perfeccionamento ou equivalente	1,00 puntos.
Outros cursos de máis de 49 horas	0,50 puntos.
<u>Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas (máximo 1 punto):</u>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Valoración de méritos para os postos de Técnicos:</u>	
<u>Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):</u>	
Titulación superior e complementaria	1,00 puntos.
Titulación establecida como preferente	0,50 puntos.
<u>Experiencia na área de especialización en programas ou proxectos de emprego (máximo 4 ptos):</u>	
Na administración local.	0,10 puntos/mes.
En outras administracións ou empresas	0,05 puntos/mes.
<u>Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):</u>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas	0,20 puntos.
Por cada curso de de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</u>	
Curso de Iniciación ou equivalente:	0,50 puntos.
Perfeccionamento ou equivalente	1,00 puntos.
Outros cursos de máis de 49 horas	0,50 puntos.
<u>Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas. (máximo 1 punto)</u>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Valoración de méritos para os postos de Auxiliares Administrativas/os:</u>	
<u>Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):</u>	
Titulación superior e complementaria	1,00 puntos.
Titulación establecida como preferente	0,50 puntos.
<u>Experiencia profesional: (máximo 5 ptos):</u>	
Na administración local.	0,10 puntos/mes.
En outras administracións ou empresas	0,05 puntos/mes.
<u>Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):.</u>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</u>	
Curso de Iniciación ou equivalente:	0,50 puntos.
Perfeccionamento ou equivalente	1,00 puntos.
Outros cursos de máis de 49 horas	0,50 puntos.
<u>Outros méritos relacionados coa informática ou os idiomas.(máximo 1 punto)</u>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.

Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos.

Comisións de selección:

Establecense as seguintes Comisións de selección:

Posto de Coordinador/a:

Presidencia:

Titular: Beatriz Barbará
Secretario/a:
Titular: Rosa María Otero Malvares
Vocais:
Titulares: 1.- Albino Rodríguez
2.- Jesús López Moure
3.- Ana Martín Herrero
Suplentes: 1.- Gustavo Rodríguez Bartol

Postos de Técnico/a de Xestión, Técnico/a de Formación e Técnico/a de Proxectos:

Presidencia:
Titular: Francisco J. Gutiérrez Orúe
Suplente: Albino Rodríguez
Secretario/a:
Titular: Marta Alonso Posada
Suplente: Rosa María Otero Malvares funcionaria de Participación Cidadá
Vocais:
Titulares: 1.- Emilio Iglesias
2.- Jesús López Moure - Servizos Xerais
3.- Juan Zaragoza Bastos – Participación Cidadá
Suplentes: 1.- Jose Carlos Montemuiño Santos

Postos de Auxiliar Administrativo:

Presidencia:
Titular: Francisco J. Gutiérrez Orúe
Suplente: Albino Rodríguez .
Secretario/a:
Titular: Marta Alonso Posada
Suplente: Rosa María Otero Malvares
Vocais:
Titulares: 1.- Emilio Iglesias
2.- Jesús López Moure - Servizos Xerais
3.- Iolanda Alonso Regueira
Suplentes: 1.- Jose Luis Romero Falqué

Presentación de solicitudes:

Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.

Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.

Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.

O requisito para contratar será comprobado por esta Admnsitración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.

15(755).- BASES DE PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DO EQUIPO TÉCNICO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA UTIL “UNIDADE DE TRABALLO PARA A INSERCIÓN LABORAL”, DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011. EXTPE. 5191/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 12.05.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar as bases de procedemento de selección do equipo técnico para o desenvolvemento do programa UTIL “Unidade de Traballo para a Inserción Laboral”, encadrado dentro Plan Municipal de Emprego 2008-2011.

BASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DO EQUIPO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA U.T.I.L .

NO MARCO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO 2008-2011

Natureza e duración dos contratos:

O contrato terá a modalidade de obra ou servizo de duración determinada a xornada completa.

A duración será de un (1) ano de contrato coa posibilidade de unha prorroga de un (1) ano.

As retribucións serán as establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións solciolaborais das contratacións realizadas no marco do PME 2008-2011.

Establécense os seguintes períodos de probas:

Tres (3) meses.

Para os postos de Director/a Técnico/a, Administrador/a, Responsable de obras e Titor/a.

Dous (2) meses

Para os postos de Encargado/a e Xefes de equipo.

Un (1) mes.

Para o posto de Auxiliar administrativo.

Postos de traballo:

Un/unha (1) Director/a Técnico/a.

Un/unha (1) Administrador/a.

Un/unha (1) Responsable de obras.

Un/unha (1) Titor/a.

Un/unha (1) Encargado/a.

Tres (3) Xefes de equipo.

Un/unha (1) Auxiliar Administrativo.

Funcións e perfís requeridos:

Para o posto de Director/a Técnico/a.

Con funcións de planificación, organización, dirección, xestión e control do desenvolvemento das obras e outras actuacións do programa, asumindo a súa representación e coordinando o traballo do resto do equipo.

Titulación superior.

Experiencia, mínima de 2 anos na dirección e coordinación de equipos

Para o posto de Administrador/a:

On funcións de organización, xestión, execución e control da administración do programa, tanto no relativo aos aspectos orzamentarios e financeiros como aos aspectos de xestión do persoal, baixo a supervisión do/a director/a.

Titulación media o superior preferentemente en empresariais, económicas ou relacións laborais.

Experiencia, mínima de 1 ano en xestión e administración de equipos

Para o posto de Responsable de obras.

Con funcións de planificación, organización, xestión e control das obras acometidas polos/as traballadores/as do programa en colaboración co/coa director/a, velando pola aplicación de procesos de calidade na xestión de equipo e materiais e, de xeito especial, no relativo á saúde laboral e a prevención de riscos laborais.

Titulación media ou superior de carácter técnico, preferentemente en Arquitectura Técnica, Enxeñería Técnica.

Experiencia, mínima de 1 ano en traballos de construción de obra civil.

Para o posto de Titor/a:

Con funcións de atención de forma personaliza e titorizada aos/ás participantes do programa coa finalidade de desenvolver hábitos, comportamentos e actitudes que potencien a interrelación sociolaboral. Así mesmo é o/a responsable da realización e desenvolvemento de itinerarios para a integración laboral e social destes/as participantes.

Titulación media o superior (ou Ciclo Superior de integración social), preferentemente en traballo social.

Experiencia, mínima de 1 ano, en titorización de persoas con dificultades de inserción sociolaboral.

Para o posto de Encargado/a.

Con funcións de distribución do traballo entre o persoal da súa unidade, así como dos instrumentos, maquinaria e materiais necesarios para a súa execución. Programación, coordinación, supervisión e control do persoal ó seu cargo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucións recibidas dos seus superiores xerárquicos. Control da cantidade e calidade do traballo realizado, así como da utilización dos instrumentos, maquinaria e materiais empregados. Control e responsabilidade no cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais. Redacción de partes diarios de traballos realizados polo persoal ó seu cargo.

Ciclo medio ou Superior de formación profesional na rama de construción **ou experiencia no posto de 5 anos.**

Experiencia, mínima de 1 ano, no posto de traballo.

Para o postos de Xefes de equipo.

Con funcións de supervisión e control inmediato do persoal do equipo de traballo e dos traballos a realizar de acordo coas ordes e instrucción recibidas dos seus superiores. Control do cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos laborais. Responsabilizarse da correcta asignación de traballos, supervisión e vixilancia de obras e operarios, así como do control de materiais e medios. Asesorar e participar persoalmente na execución de certos traballos ou actividades de especial dificultade profesional.

Ciclo medio ou Superior **ou experiencia no posto de 4 anos.**

Experiencia, mínima de 1 ano, en traballos relacionados co posto.

Para o posto de Auxiliar administrativo.

Con funcións de apoio a xestión administrativa do programa, á vez que atender e informar aos/ás seus/súas participantes e ao público en xeral.

Ciclo de grado medio ou superior de administración, secretariado ou equivalente **ou experiencia no posto de 4 anos.**

Experiencia, mínima de 1 ano, en traballos administrativos.

Nivel alto en informática (procesador de texto,bases de datos, folla de cálculo), traballo en rede e internet.

Procedemento de selección

Concurso de méritos entre os/as aspirantes/as convocados/as mediante anuncio público na prensa local.

Os/as candidatos/as interesados presentarán o seu Currículo acreditado segundo o punto 4.b destas bases.

Para acreditar a experiencia laboral (e a formación impartida) presentarse orixinal ou fotocopia da vida laboral, ademais de fotocopias dos contratos de traballo/certificados de empresa. Se no contrato de traballo/certificado de empresa non se especifica claramente as funcións realizadas, achegarase unha certificación de funcións.

Para acreditar a formación recibida presentarse fotocopia do diploma do centro/entidade de impartición, con número de horas.

Baremaranse, unicamente, os currículos dos/as candidatos/as que reúnan o perfil considerado imprescindible para cada posto. No caso de non presentarse á convocatoria un número suficiente de candidaturas apropiadas, a Comisión de Selección valorará, para cada caso, a posibilidade de reducir as características requiridas como imprescindibles.

Non se reclamará nin recollerá ningunha acreditación fora do prazo estipulado.

Ós/ás candidatos/as por posto con maior puntuación no proceso de baremación, antes de pasar á entrevista, reclamaráselle a presentación dos orixinais da vida laboral e resto das acreditacións ou copias comulsadas. A non presentación desta documentación, será causa de exclusión do proceso selectivo.

A Comisión de selección decidirá, para cada posto, cal é a mínima puntuación esixida no proceso de baremación para acceder a entrevista persoal.

Valoración dos méritos aportados:

Esta función realizarana o Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello.

Valoración de méritos para o posto de Director/a Técnico:

Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):

Titulación superior e complementaria 1,00 puntos.

Titulación establecida como preferente 0,50 puntos.

Experiencia na xestión de proxectos de emprego e na coordinación de equipos, como técnico superior (máximo 4 pts):

Na administración local. 0,10 puntos/mes.

En outras administracións ou empresas 0,05 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 pts):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<i>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</i>	
Curso de Iniciación ou equivalente:	0,50 puntos.
Perfeccionamento ou equivalente	1,00 puntos.
Outros cursos de máis de 49 horas	0,50 puntos.
<i>Outros méritos relacionados coa informática e os idiomas (máximo 1 punto).</i>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Valoración de méritos para os postos de Administrador/a, Responsable de Obras e Titor/a:</u>	
<i>Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):</i>	
Titulación superior e complementaria	1,00 puntos.
Titulación establecida como preferente	0,50 puntos.
<i>Experiencia relacionada coas funcións propias do posto (máximo 4 ptos):</i>	
Na administración local.	0,10 puntos/mes.
En outras administracións ou empresas	0,05 puntos/mes.
<i>Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):</i>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas	0,20 puntos.
Por cada curso de de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<i>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</i>	
Curso de Iniciación ou equivalente:	0,50 puntos.
Perfeccionamento ou equivalente	1,00 puntos.
Outros cursos de máis de 49 horas	0,50 puntos.
<i>Outros méritos relacionados coa informática e os idiomas (máximo 1 punto):</i>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Valoración de méritos para os postos de Auxiliare Administrativa/o:</u>	
<i>Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):</i>	
Titulación superior e complementaria	1,00 puntos.
Titulación establecida como preferente	0,50 puntos.
<i>Experiencia profesional: (máximo 4 ptos):</i>	
Na administración local.	0,10 puntos/mes.
En outras administracións ou empresas	0,05 puntos/mes.
<i>Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos):</i>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<i>Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)</i>	
Curso de Iniciación ou equivalente:	0,50 puntos.
Perfeccionamento ou equivalente	1,00 puntos.
Outros cursos de máis de 49 horas	0,50 puntos.
<i>Outros méritos relacionados coa informática e os idiomas (máximo 1 punto):</i>	
Por cada curso de entre 20 e 49 horas	0,10 puntos.
Por cada curso de entre 50 e 249 horas.	0,20 puntos.
Por cada curso de máis de 250 horas	0,40 puntos.
<u>Valoración de méritos para os postos de Auxiliar Administrativa/o:</u>	
<i>Titulación superior e complementaria (máximo 1 punto):</i>	
Titulación superior e complementaria	1,00 puntos.
Titulación establecida como preferente	0,50 puntos.
<i>Experiencia profesional: (máximo 4 ptos):</i>	
Na administración local.	0,10 puntos/mes.
En outras administracións ou empresas	0,05 puntos/mes.

Formación complementaria relacionada coa actividade (máximo 2 ptos).:

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Coñecemento do Galego (Só se computará o de maior puntuación)

Curso de Iniciación ou equivalente: 0,50 puntos.

Perfeccionamento ou equivalente 1,00 puntos.

Outros cursos de máis de 49 horas 0,50 puntos.

Outros méritos relacionados coa informática e os idiomas (máximo 1 punto):

Por cada curso de entre 20 e 49 horas 0,10 puntos.

Por cada curso de entre 50 e 249 horas. 0,20 puntos.

Por cada curso de máis de 250 horas 0,40 puntos.

Entrevista persoal (Máximo 5 puntos):

A Comisión de Selección, para acadar unha puntuación final que permita seleccionar á persoa máis idónea para os postos de traballo en cuestión realizará unha a entrevista persoal a cada un/unha dos/as aspirantes, que se sumarán á puntuación obtida na valoración dos méritos.

Comisión de selección:

Posto de Director/a:

Presidencia:

Titular: Beatriz Barbará

Secretario/a:

Titular: Rosa María Otero Malvares

Vocais:

*Titulares: 1.- Albino Rodríguez
2.- Jesús López Moure
3.- Arsenio Alonso Rodríguez*

Suplentes: 1.- Albino Rodríguez

Postos de Administrador/a, Responsable de Obras e Titor/a:

Presidencia:

Titular: Francisco J. Gutiérrez Orúe

Secretario/a:

Titular: Marta Alonso Posada

Vocais:

*Titulares: 1.- Emilio Iglesias
2.- Jesús López Moure
3.- Arsenio Alonso Rodríguez
Suplentes: 1.- Rosa María Otero Malvares*

Postos de Encargado/a, Xefes de equipo e Auxiliar Administrativo:

Presidencia:

Titular: Francisco J. Gutiérrez Orúe

Suplente: Albino Rodríguez

Secretario/a:

Titular: Marta Alonso Posada

Suplente: Rosa María Otero Malvares

Vocais:

*Titulares: 1.- Emilio Iglesias
2.- Jesús López Moure
3.- Jose Antonio Bernardez Gallego
Suplentes: 1.- Gonzalo Argibay Barciela*

Presentación de solicitudes:

Mediante instancia solicitando participar no proceso de selección, definindo o posto ao que opte.

Prazo: 5 días hábiles a partir da data de publicación do anuncio na prensa local.

Lugar de presentación: Rexistro Xeral do Concello de Vigo. Praza do Rei s/n. (Vigo). Dirixido ao servizo de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá.

Horario de entrega: De 9:00 a 13:00 horas.

Documentación: Xunto coa instancia achegarase a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos xerais e específicos establecidos nas presentes bases para cada posto de traballo.

O requisito para contratar será comprobado por esta Admnsitración, para os efectos de non incorrer na prohibición prevista no Art. 9.4 da Lei 4/1998, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, introducido pola Lei 13/2007, do 27 de xullo, en relación co disposto no art. 15.5 do Estatuto dos traballadores.

16(756).- PRÓRROGA DAS AUTORIZACIÓNS PARA A OCUPACIÓN DAS PRAIAS CON POSTOS DE TEMPORADA PARA O PERÍODO 2008. EXPTE. 18286/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 13.03.08, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local, en sesións de 4 de xullo e 8 de agosto de 2005, acordou adxudica-los lotes do concurso para a ocupación das praias cos postos de temporada en praias a Da. Marta Lorenzo Barrera (1, 4, 8 e 9); Da. Mónica González Francisco (7); Da. María Francisco Touriño (3 e 6); D. Juan José Díaz Mosquera (10); Temperans & Animals, S.L. (12); e Da. Obdulia Lastra Francisco (2 e 5). De acordo co prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

Na cláusula segunda do indicado prego de condicións se indica que as autorizacións se concederán para a temporada estival dos anos 2005 e 2006, podendo prorrogarse para as temporadas dos anos 2007 e 2008, previo acordo expreso do órgano de contratación. Con data 26 de marzo de 2007 foi adoptada a prórroga para dito ano pola Xunta de Goberno Local.

Para a temporada de 2008 respecto do lote 2 non foi solicitada autorización ó Servizo de Costas por esta-la zona en obras. Sobre o lote 5 a adxudicataria renunciou á súa explotación o ano 2007; e o adxudicatario do lote 10 non aboou o importe da explotación no prazo outorgado.

O órgano Xestor de Praias do Concello de Vigo, acordou acceder á prórroga das actuais autorizacións, con excepción dos que se atopan pendentes de pagamento do importe da temporada 2007, así como esixir a tódolos titulares dos quioscos que manteñan en todo momento as condicións de limpeza e salubridade esixibles, debendo manter abertos e en perfecto estado os servizos hixiénicos durante o período autorizado na temporada de verán, procedendo a limpar inmediatamente os grafitis e a repara-los posibles danos e desperfectos producidos nas instalacións.”

Polo tanto propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Prorroga-las actuais autorizacións para ocupación das praias con postos de temporada para o período 2008, que comprende dende o 1 de xuño e 30 de setembro, ós seguinte adxudicatarios e polos importes que se indican para cada quiosco, unha vez incrementado co IPC correspondente:

Marta Lorenzo Barrera, lotes 1, 4, 8 e 9, por importe de 56.337,34 euros

Mónica González Francisco, lote 7, por importe de 16.974,01 euros

María Francisco Touriño, lotes 3 e 6, por importe de 25.219,30 euros

Temperans & Animals, S.L., lote 12, por importe de 5.585,91 euros

Publicar anuncio no Boletín Oficial da Provincia licitando os lotes 5 e 10, que corresponden ás letras E e M dos planos adxuntos, por un importe mínimo de 2.000 euros cada un, e polo prazo de 1 de xuño ó 30 de setembro de 2008.

Ditas autorizacións axustaranse ás condicións do prego aprobado pola Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2005.

Tódolos titulares dos quioscos manterán en todo momento as condicións de limpeza e salubridade esixibles, debendo manter abertos e en perfecto estado os servizos hixiénicos durante o período autorizado na temporada de verán, procedendo a limpar inmediatamente os grafitis e a repara-los posibles danos e desperfectos producidos nas instalacións.

Así mesmo aportarán xustificante do ingreso da garantía depositada na Caixa Xeral de Depósitos por un importe de 400 euros por cada quiosco.

Ambalas dúas cantidades haberán de estar ingresadas antes do 30 de maio de 2008”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

17(757).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DE MANTEMENTO INTEGRAL DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE NAS ESCOLAS E COLEXIOS PÚBLICOS DE VIGO. EXPTE. 18307/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 14.04.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Pola empresa "Dalkia", adxudicataria do servizo de mantemento integral de calefacción e auga quente de colexios e escolas de Vigo, solicita a revisión de prezos do mencionado contrato a partir do 1 de febreiro de 2008.

A Xunta de Goberno Local, en sesión de 26 de decembro de 2006, acordou adxudicar a "Dalkia Energía y Servicios", s.a, os lotes I, II, e III do concurso para a contratación do servizo de mantemento de instalacións de calefacción e auga quente nas escolas e colexios públicos de Vigo, por un importe de 6.999, 7.289 e 14.087 euros respectivamente, o que fai un total de prezo contractual de 28.375 euros/ano, ive engadido.

A posibilidade de revisión de prezos, aparece recollida na cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas que rexeu a contratación, no apartado 3.2, no que fai referencia o apartado 9.1 e 9.2 da FEC e ó previsto nos artigos 103 e 104 do TRLCAP. Menciona tamén que o importe das revisións faranse efectivas mediante o correspondente aboamento ou desconto nos pagos parciais ou liquidacións do contrato, e que as revisións serán aprobadas pola Xunta de goberno local.

Os apartados 9.1 e 9.2 recollen en canto a primeira revisión de prezos, que é a que solicita a empresa, que ésta efectuarase transcurrido un ano dende a data de adxudicación do contrato e recollerá a variación experimental polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e o de apertura de proposicións económicas.

Según documentación que consta no expediente de contratación a apertura de proposicións económicas efectuouse na reunión da mesa de contratación efectuada o día 31 de outubro de 2006, e a vista de que no contrato administrativo firmado entre as partes, establece que o prazo comenzará a partir do 1 de xaneiro de 2007, o contrato foi firmado o 30 de xaneiro de 2007, polo que se entende que o efecto da revisión será a partir do 1 de xaneiro de 2008, para o cálculo da revisión de prezos tomarase o incremento do IPC dendo outubro 2006/decembro de 2007, comenzando os efectos da revisión a partir de 1 de xaneiro de 2008.

Según datos facilitados polo INE o incremento do IPC de outubro 2006/decembro 2007 foi de 4,8%, que aplicado o prezo nicial do contrato de 24.461,21 euros (sen IVE), obtemos o prezo revisado de 25.635,35 euros, ó que se deberá aplicar o 16% de IVE, obtendo un prezo a partir de 1 de xaneiro de 2008 de 29.737,00 euros.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de prezos do contrato de mantemento integral de calefacción e auga quente nas escolas e colexios públicos de Vigo, adxudicado a empresa "Dalkia Energía y Servicios, S.A.", na Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo en data 28 de decembro de 2006, fixando o prezo contractual na cantidade de 29.737,00 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(758).- REVISIÓN DE PREZOS DO CONTRATO DO SERVIZO DE IMPARTICIÓN E COORDENACIÓN DOS CURSOS E ACTIVIDADES DE ALFABETIZACIÓN DE PERSOAS ADULTAS. EXPTE. 18324/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Especial, do 15.04.08, conformado polo concelleiro de Patrimonio e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Por parte do xefe do servizo de educación, remítese a este servizo o expediente de contratación do servizo de xestión e docencia dos cursos de alfabetización de persoas adultas do Concello de Vigo, por ter solicitada a revisión do prezo do contrato a entidade "Mulleres Progresistas", asesoramento e información, adxudicatarias, por acordo da XGL de 26 de marzo de 2007, do concurso convocado para a contratación da prestación do servizo.

O prezo de adxudicación ou prezo inicial do contrato é de 32.000,00 euros, e o prezo da hora lectiva, a efectos de redución ou ampliación do servizo que se puideran adoptar, é de 40,86 euros.

No contrato administrativo firmado entre as partes establece que o prazo do contrato é de dous anos a contar dende o 1 de abril de 2007.

A posibilidade de revisión de prezos está contemplada na cláusula 3.2 do prego de cláusulas administrativas que rexeron a contratación, facendo mención, en canto a forma de revisión ó apartado 9.1 e 9.2 da FEC. En ditos apartados recollese que a primeira revisión efectuarase transcurrido un ano dende a data de inicio do contrato e recollerá a variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a de apertura de proposicións económicas.

A data de apertura de proposicións económicas foi o 5 de febreiro de 2007 e a data de inicio do contrato o 1 de abril de 2007, polo que para o cálculo da revisión do prezo, aplicaráselle o prezo inicial do contrato – 32.000,00 euros-, o incremento do IPC de febreiro 2007/marzo 2008 sendo éste según información obtida do INE de 5,3%, obtendose un prezo revisado de 33.696,00 euros/ano que entra en vigor o 1 de abril de 2008. En canto a hora lectiva inicial, establecida a efectos de ampliación/redución do contrato o prezo hora revisado fíxase en 43,03 euros.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno local, previo informe da Intervención xeral, a adopción do seguinte ACORDO

Aprobar a revisión de prezos do contrato do servizo de impartición e coordinación dos cursos e actividades de alfabetización de persoas adultas, establecendo o prezo anual revisado a partir do 1 de abril de 2008 na cantidade de 33.696,00 euros. O prezo hora, a efectos de ampliación/redución do contrato, como consecuencia da revisión será de 43,03 euros/hora.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

19(759).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 356.533,35 € A FAVOR DE LINORSA POLOS TRABALLOS DE LIMPEZA NA CASA CONSISTORIAL E OUTRAS DEPENDENCIAS MUNICIPAIS. EXPTE. 18295/240.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 8.05.08, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 6.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Declarar a nulidade da prestación do servizo de limpeza realizado pola empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”.

B) Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa “Limpiezas del Noroeste, S.A.”, por un importe total de 356.533,35 euros, que se imputarán a partida presupuestarias 12102270000 do vixente exercicio.

20(760).- ABOAMENTO DAS COTAS DA COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO INMOBLE SITO NA RÚA REPÚBLICA ARGENTINA Nº 12-14. EXPTE. 18313/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 21.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Por parte da Xestora de comunidades e Administradora de Fincas Clara Villar Vazquez, coleg. 4-1225, solicitan o abono á Comunidade de Propietarios do Inmable da rúa República Argentina nº 12-14, por parte deste Concello, da cantidade adeudada en concepto de “cuotas de propietarios”, polos pisos da súa propiedade nos mencionados edificios.

A propiedade por parte do Concello de Vigo resulta acreditada segundo a escritura pública, otorgada o 14 de setembro de 1994, a Xunta de Compensación Urbanizadora da Unidade de execución I-05; Rosalía de castro 1, de Vigo, declarou a obra nova en construción do edificio sito na rúa Republica Argentina 12-14, e constituíno en réxime de propiedade horizontal. En dita escritura adxudicáronse as diferentes entidades das que se compón dito edificio da forma seguinte: O Concello de Vigo, en pago e como contraprestación por aproveitamento da edificabilidade que lle corresponde dentro da unidade do ámbito da unidade de execución..., en total cincuenta vivendas.

O importe de dito gasto poderase cargar a na partida 12102120005, Mantemento e Comunidades, do vixente presuposto.

Según a Ley de propiedade horizontal, na que se establece que cada un dos propietarios do inmable deberá contribuir proporcionalmente os gastos do inmable, estimase oportuno proceder o pago da debeda .

Polo anteriormente expone, proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción do seguinte A C O R D O

Aboar, en concepto de cuotas de comunidade , a Comunidade de Propietarios do inmable sito na rúa República argentina nº 12- 14, a cantidade de 3.845,43 euros, polo importe correspondente a parte da debeda pendente de liquidar do ano 2007 e os meses de marzo e abril de 2008, efectuando dito ingreso na conta de Caixa Madrid, que mantén aberta a comunidade, nº 20384016956000108813.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(761).- ABOAMENTO DAS COTAS DA COMUNIDADE DO INMOBLE SITO EN EUGENIO KRAFF Nº 28. EXPTE. 18322/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 22.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Patrimonio e Contratación e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

O Concello de Vigo, é propietario dun baixo situado na rúa Eugenio Kraff nº 28 da cidade de Vigo.

Por parte da Comunidade de propietarios do inmovible da rúa Eugenio Kraff reclaman o abono dos importes das cuotas de comunidade que lle corresponden ó Concello en función da cuota de participación de 9,17% que lle corresponde o baixo municipal.

O importe total da debeda, perante os anos 2005, 2006 2007 e 2008, según se manifesta no escrito da reclamante ascende a 281,73 euros.

Polo exposto proponse a Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a dopción do seguinte ACORDO

Aboar a Comunidade de Propietarios da rúa Eugenio Kraff nº 28 en concepto de pago de cuotas de comunidade correspondentes o Concello de Vigo, pola propiedade do baixo de dito inmovible, correspondentes as anualidades 2005/2008 o importe de 281,73 euros.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

22(762).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de Intervención Xeral e de acordo cos informes do xefe de negociado de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a NEXOTED S.L. a fianza por importe de 620,60 € constituída para responder da instalación de plataforma elevadora en local da rúa López de Neira, xa que foron executadas conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 2272/241.

B) Devolver a ELPESA S.L. a fianza por importe de 759,92 € constituída para responder da subministración de báscula de pesaxe de camións xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 2296/241.

C) Devolver a CONCEPCIÓN CUÑA PÉREZ a fianza por importe de 1.435 € constituída para responder da asistencia técnica para o infobús e centro xuvenil, xa que foi executada conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 2258/241.

D) Devolver a CANAL UNO DE COMUNICACIÓN S.L. a fianza por importe de 17.508,23 € constituída para responder da subministración de material publicitario para Turismo, xa que foi recibido mediante acta de 28.12.07 conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. EXPTE. 2283/241.

23(763).- RECLAMACIÓN DE D^a. ELISA BARRAL LAGO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 679/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Elisa Barral Lago presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 15 de xullo de 2005, no que expón que o día 4 de febreiro de 2006, a consecuencia do mal estado das lousas na beirarrúa, na rúa Simón Bolívar e atopándose xestante de 8 meses e medio tropezou nelas provocándolle traumatismos nas pernas que lle produciron a realización dunha cesarea e que o seu fillo nacera con danos.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, en data 19.12.2006, sobre o estado da vía onde a solicitante indica ter ocorrido o accidente.*
- Parte do servizo da Policía local de Vigo de 4.2.2005.*
- Ditames para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, de datas 26.6.2007 e 23.11.2007.*
- Evacuase trámite de audiencia ó reclamante, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992: A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acoillida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulacón, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- É preciso, polo tanto, en primeiro lugar, constatar a existencia dun dano efectivo, individualizado e avaliabel economicamente. Respecto ó dano a xurisprudencia esixe de xeito reiterado que o dano sexa certo, isto é, que sexa real e efectivo, e ademais tense que acreditar a súa existencia (STS 15.7.2002), polo que procede denegar a responsabilidade patrimonial se non se probou o dano (STS 26.2.2002).

A reclamante, de conformidade co seu escrito de 15.7.2005 e posteriores sitúa o dano nunha cesarea previa ó termo do seu embarazo así como en danos consecuenciales no neonato, e todo isto a consecuencia da caída que tivo lugar o día 4 de febreiro do mesmo ano que lle provocou traumatismos en pernas.

Non obstante, do exáme do expediente resultan os seguintes datos:

- Non hai, aínda que se lle requiriu ó efecto, informe médico que xustifique que a cesarea que se lle practicou o día 10.2.2005 o foi a consecuencia de traumatismos nas pernas padecidos tras a caída, nunha relación inequívoca de causa-efecto, que xustifique a necesidade de practicar a cesarea polo golpe. Ó contrario, hai no expediente un informe clínico da Unidade de Pediatría do Hospital Xeral Cies no que consta claramente nos Antecedentes Obstretico-Personales do seu fillo: "Cesarea programada por desproporción pelvifetal en semana 40". Isto é, resulta claro que a reclamante tiña programada a súa cesarea por causas intrínsecas ó seu propio embarazo. E corrobora o feito de que a cesarea non se practicou a consecuencia necesaria de lesións na reclamante, que no informe do Servizo de Tocloxía do Xeral-Cies de data 17.2.2005 conste que a cesarea foi "electiva" por traumatismos na semana 40. Isto significa claramente unha opción persoal da reclamante que na semana 40 do embarazo, semana na que tiña programada unha cesarea probabelmente elixiu facela con anterioridade. De feito, o día 9, isto é un día antes da cesarea, asinou un consentemento informado para práctica de dita operación que posteriormente revocou, e no que consta na sinatura "pendiente confirmación".
- Consecuentemente co anterior, se a cesarea pertence á esfera persoal de decisión da propia reclamante, é claro que posibles danos no recién nacido tampouco poden ter relación coa caída na rúa e danos causados por ela. Pero é que ademais tampouco hai informe médico ningún que valore e avale que o distress respiratorio do neno o fora a consecuencia da cesarea, dun traumatismo intrauterino pola caída da nai ou por alteracións severas secundarias ó traumatismo padecido por ela.
- Tense que resaltar que se ben no seu escrito de reclamación de 15 de xullo refírese a traumatismos nas pernas acaecidos en data 4 de febreiro, ó longo da tramitación do expediente aparece unha escordadura do nocello esquerdo, no que máis dun ano despois da caída aparecen lesións e secuelas, sen que tampouco haia informes médicos secuenciais de que a lesión se produxera o mesmo día 4 de febreiro e evolucionara ata ese estado. É máis cando a Policía local acude a requirimento ó lugar onde a reclamante está no chan e refire a súa caída soamente fala dun golpe nun xeonllo, e na súa reclamación a interesada tampouco se refire a esa lesión, o que resulta cando menos estraño.

Obsérvase claramente, polo tanto, que hai importantes contradicións tanto nas lesións como na data na que ocorreron, e que evidentemente nada proban no tocante a que os danos polos que se reclaman tiveran lugar a consecuencia da caída.

Carto.- Respecto ós defectos existentes na beirarrúa, e que a caída tivo lugar precisamente a súa consecuencia, se ben se pediu informe ó Servizo de vías e obras, cando éste acudiu ó lugar, xa se atopaba reparado, e se ben do Parte de Servizo da Policía local que acudiu ó lugar, cando a interesada atopábase no chan, se reflicte que no lugar había lousas rotas, descoñécese se éstas serían visíbeis polo estado de xestación no que se atopaba, por canto no expediente non constan testemuñas directas dos feitos, testemuñas que ademais poderían corroborar que a caída e o dano nun xeonllo, único dano acreditado a súa consecuencia e polo que non se reclama, o foi a consecuencia dos defectos na beirarrúa e non por calquera outra causa.

Quinto.- De acordo coa doutrina mencionada nos fundamentos anteriores, todas estas circunstancias fan que, crebe a relación de causalidade que necesariamente debe mediar entre o dano e un servizo público, ó non quedar acreditado que aquel proveña deste, polo que tense que desestimar esta solicitude.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

"Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dona Elisa Barral Lago por danos a consecuencia dunha caída na rúa Simón Bolívar ocorrido o día 4 de febreiro de 2005, por non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre os danos polos que se reclama e o funcionamento de ningún servizo público do Concello".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(764).- RECLAMACIÓN DE D. ANDRÉS ALONSO VALLADARES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1220/243. RESPONSABLE UTE AQUALIA-FCCSA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 13.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais (RS).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*

Antecedentes:

D. Andrés Alonso Valladares presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 18 de setembro de 2006, no que expón que o día 1 de decembro de 2005, cando circulaba co vehículo de súa propiedade, con matrícula PO-2623-AY, na confluencia das rúas, Coruña e Beiramar sufriu danos materiais no mesmo ó pasar sobre unha arqueta sen tapa.

Esta reclamación foi inadmitida por Decreto da Alcaldía, de data 26/09/2006, tras o informe da Oficina do Inventario municipal, de data 26/09/2006, no que se determinaba que a titularidade da Avenida Beiramar correspondía á Autoridade Portuaria.

En data 7 de novembro de 2006 o Sr. Alonso interpón reclamación de responsabilidade patrimonial ante a Autoridade Portuaria, desestimada a súa vez por Resolución de data 17 de novembro do mesmo ano. Presentado recurso contencioso-administrativo fronte a dita resolución ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Vigo, este foi desestimado por Sentenza de data 23 de abril de 2007, ó quedar acreditado durante a substanciación do procedemento que o Concello de Vigo, mediante Convenio de Colaboración coa Autoridade Portuaria (asinado en data 10 de setembro de 1996) asumiu o mantemento e conservación da Avenida de Beiramar.

Interposto polo interesado recurso de revisión ante esta Administración mediante escrito de data 4 de xullo de 2007, este foi estimado por Resolución do Concelleiro Delegado de Patrimonio de data 21 de novembro de 2007, no que se admite a trámite a reclamación, continuándose coa súa tramitación.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciábel no patrimonio do Sr. Alonso, que queda acreditado coa presentación dunha factura dun taller mecánico de reparación dos danos sufridos no seu vehículo. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.11 e 26.1.a LBRL e 80.2.11 e 81.a LALG). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo establece na cláusula 26 que corresponde ó concesionario o mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo e a responsabilidade do seu funcionamento, e os artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF imponen ó concesionario a obriga de indemnizar a terceiros os danos que lles ocasione o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible.

A responsabilidade da Administración decaerá cando se acredite que a circunstancia xeradora do dano é imputable a un terceiro, neste caso, a empresa concesionaria.

A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP).

Examinada a proba practicada durante a instrución do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

- Que o vehículo do Sr. Alonso sufriu determinados danos con ocasión do accidente obxecto do presente expediente.*
- Que a causa do accidente foi a existencia dunha arqueta destapada na calzada, correspondendo a responsabilidade dos danos á concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de auga, Aqualia. Responsabilidade que é asumida por esta mercantil en trámite de audiencia.*

Cuarto.- As reclamacións de responsabilidade patrimonial, cando se trate de servizos concedidos, se dirixirá á Administración que outorgou a concesión (artigo 123 LEF), na forma prevista no parágrafo segundo do artigo 122 da mesma lei, a cal resolverá tanto sobre a procedencia da indemnización como sobre quen debe pagala. Esta resolución deixará aberta a vía contencioso-administrativa, que poderá utilizar o particular ou o concesionario, no seu caso. A vista da documentación que obra no expediente, existen elementos de xuízo suficientes para entender que a responsabilidade polos danos que motivan a reclamación, pode ser imputada á empresa Aqualia, na súa calidade de concesionaria do servizo municipal de augas, por un defecto de mantemento da rede de sumidoiros.

Quinto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a Aqualia a responsabilidade dos danos sufridos polo Sr. Alonso, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente unha factura de reparación do seu

vehículo dun taller mecánico por un importe de 481, 21 €, cantidade que a propia concesionaria estima correcta no trámite de audiencia, resultando procedente o seu aboamento.

Sexto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D. Andrés Alonso Valladares en data 18 de setembro de 2006.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar ó reclamante na contía de 481, 21 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(765).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA SANDOVAL PÉREZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1133/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dona Maria Ascensión Sandoval Pérez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 30 de xuño de 2006, no que expón que o día 28 do mesmo mes caeu na rúa Pontearreas de Vigo, por mor dunha lousa que sobresaía do pavimento, producíndose danos de carácter físico, ademais da rotura dun pantalón e dunhas gafas de sol.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Informes do servizo de Vías e Obras, de datas 5.9.2006, sobre o estado da vía onde ocorreu o accidente*
- *Parte do Servizo da Policía Local de data 12.9.2006, indicando non teren constancia do accidente.*
- *Informe da empresa construtora Eiriña de data 2.10.2006, sobre obras realizadas na rúa onde tivo lugar o accidente.*
- *Práctica de proba testemuñal con data 22.11.2006, á testemuña proposta pola reclamante.*
- *Ditame para valoración de danos corporais da Asesoría médica do Concello, de data 30.1.2007.*
- *Dáse trámite de audiencia á Eiriña, que fai alegacións por escrito de 14.5.2007.*
- *Informe da Oficina de Supervisión de proxectos e inspección técnica de obras do Concello de data 17.1.2008.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante con data 15.5.2007 e 7.3.2008, que fai alegacións e entrega documentación en datas 8.6.2007 e 15.10.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das administracións públicas, consonte o que os particulares terán dereito a ser indem-

nizados por éstas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que éste non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial o sexa a consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acollida polo Consello consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal supremo (STS 25/01/1974 ou 05/11/1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduca na existencia de obstáculos non apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulación, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.-A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993).

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrucción necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan acreditados os seguintes feitos:

O día 28 de xuño de 2006 a reclamante caeu na rúa Puenteareas de Vigo por mor dunha lousa que se atopaba levantada, a consecuencia do que sufriu lesións na súa man esquerda, e estivo de baixa laboral dende o 29.6.2006 ó 9.9.2006, sendo conceptualizado como accidente de traballo. Destes días de baixa laboral a Asesoría médica do Concello, á vista da documentación achegada considera 20 días de incapacidade impositiva e o resto dos días da baixa, que son 53, aínda que lle parecen excesivos, como non impositivos. Valórase polo tanto a lesión en 2.617,78 euros.

Respecto ós defectos que había na rúa Puenteareas e que motivaron a caída da reclamante, o informe do Servizo de vías e obras di que se trata dunha lousa rota e sobresaínte, e que aparentemente non se ve.

A reclamante, traballadora por conta alléa, percibiu en concepto de prestación económica por incapacidade laboral, segundo as nóminas que presenta, a cantidade de 59,31 euros/día, e polo tanto nos 73 días de baixa laboral a cantidade de 4.329,63 euros.

Non resulta acreditado no expediente nin a rotura de gafas de sol nin do pantalón polos que se reclama, e a tesemuña manifesta que se ben viu volar as gafas non sabe se romperon.

Cuarto.- No procedemento de responsabilidade patrimonial unha vez acreditada a concorrencia dos requisitos esixidos para que nazca a responsabilidade da Administración teñe que acreditarse que hai un dano indemnizable xa que o patrimonio do administrado deberá quedar inalterado, procedendo polo tanto, como ten dito a xurisprudencia do Tribunal supremo unha indemnización que se corresponda co perxuízo que ó particular se lle cause polo sacrificio dos seus bens e dereitos, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro.

Neste senso as lesións valóranse en 2.617,78 euros. Non obstante, neste suposto resulta preciso, de conformidade coas últimas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras

206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo en diversas sentenzas (STS 712.2005, 19.4.1997 e 30.1.2006) ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante ese periodo, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario compensar de novo todo o dano cando a vítima recibiu xa compensacións levaría a unha situación de enriquecemento inxusto para a lesionada. E así, entre outras, a sentenza do Tribunal Supremo de data 18 de xullo de 1989, reiterando doutrina anterior, establece que a indemnización ten-se que corresponder co perxuízo que ó apertado se lle cause polo expresado sacrificio dos seus bens e dereitos, pero sen que poida converterse nun motivo de lucro.

Consonte co todo o anterior, procede non estimar a pretensión de indemnización da reclamante por responsabilidade desta Administración, por canto recibindo prestacións por incapacidade laboral do INSS en contía de 4.329,63 euros durante a súa baixa laboral, considérase que se atopa resarcida suficientemente das lesións padecidas, e consecuentemente non se acredita un dano indemnizabel.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona María Sandoval Pérez por unha caída ocorrida o día 28 de xuño de 2006 na rúa Puenteareas de Vigo”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(766).- RECLAMACIÓN DE D^a. LAURA MARÍA PÉREZ PEQUE DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1206/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 12.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. Laura María Pérez Peque presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de setembro de 2006, no que reclama o importe de compra duns zapatos.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Policía Local, de data 18/10/2006.
- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 14/11/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 03/01/2008, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda

lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Cando o procedemento se inicie a instancia do interesado, a reclamación deberá dirixirse ó órgano competente e deberá axustarse ó previsto no artigo 70 LRJAP. Na reclamación se deberán especificar as lesións producidas, a presunta relación de causalidade entre estas e o funcionamento do servizo público, a avaliación económica da responsabilidade patrimonial, si fora posible, e o momento no que a lesión efectivamente se produzo, e irá acompañada de cantas alegacións, documentos e informacións se estimen oportunos e da proposición de proba, concretando os medios de que pretenda valerse o reclamante (artigo 6 RRP). No entanto, a Sra. Pérez no seu escrito de interposición da reclamación se limita a reclamar o importe de compra duns zapatos, que temos que supoñer danou por consecuencia do mal estado do pavimento na Praza da Independencia, e achega coa súa solicitude un albarán duns zapatos. Non fai un relato dos feitos nin propón proba ningunha. Esta Administración, en cumprimento do disposto no artigo 71 LRJAP, requiriulle á interesada a subsanación de defectos da súa solicitude. Sen embargo, esta limitouse a achegar copias do seu DNI e do seu permiso de conducir e dunha copia dunha fotografía dun zapato.

Para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. Polo tanto, o primeiro requisito para a existencia de responsabilidade patrimonial da Administración é probar a efectiva existencia dun dano. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impositivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse á Policía Local, por se tivera constancia dos feitos, resultando que na Xefatura da Policía Local non teñen noticia de ningún accidente sufrido pola Sra. Pérez. Por outra banda, ó Servizo de Vías e Obras, encargado do mantemento do servizo de pavimentación das vías públicas urbanas e a súa conservación (servizo municipal obrigatorio por imposición legal - artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA -) informa de que o pavimento da Praza da Independencia está en perfecto estado de conservación, non presentando defecto ningún que puidera orixinar accidentes, nin tampouco ten constancia dun presunto accidente da Sra. Pérez.

Valorando á proba practicada a informante conclúe que non resulta probado que a Sra. Pérez danara uns zapatos por mor do mal estado do pavimento da Praza da Independencia. Ó non resultar probada a existencia dun dano non procede apreciar responsabilidade ningunha desta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Laura María Pérez Peque en data 6 de setembro de 2006 por non resultar convenientemente probada a existencia de dano ningún”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

27(767).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN CASTRO MÍGUEZ DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.509/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Antecedentes:

Dna. Maria del Carmen Castro Míguez presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro xeral deste Concello de 18 de febreiro de 2005, no que expón que o día 15 do mesmo mes ás 14:10 h, sufriu unha caída por mor da falta do revestimento do pavimento delante do paso peonil na rúa Elduayen.

A reclamación sustanciouse a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe da Inspección do Servizo de vías e obras do Concello de data 28.4.2005 e Informe do Servizo de vías e obras de 5.5.2005 sobre o estado do lugar onde ocorreu o accidente.*
- Práctica de proba testemuñal en data 20.7.2005 a persoa proposta pola reclamante.*
- Ditames para valoración de dano corporal da Asesoría médica do Concello, de datas 20.9.2005, 26.6.2007 e 23.11.2007.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante en datas 5.7.2007 e 29.2.2008, a que fai alegacións o 23.2.2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 da Constitución española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliábel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Segundo.- Resulta constatado no expediente a existencia dun dano avaliado economicamente. No que respecta á existencia da relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionada a que a Administración lle indemnice, indicar que ó respecto resulta obrigado partir da regra xeral acoillida polo Consello Consultivo de Galicia (entre outros 30/00, 389/02, 160/06 e 294/06), segundo a que é esixíbel ós viandantes o autocontrol da súa propia deambulación, obriga esta que exclúe toda responsabilidade da Administración cando é crebada por introducirse neste caso un elemento estraño á relación xurídica controvertida, cal é o da culpa da vítima, circunstancia que cando reúne o requisito da exclusividade na vinculación co dano padecido, enerva toda responsabilidade da Administración, tal e como establecen de xeito reiterado o Consejo de Estado (entre outros, no ditame do 1 de xullo de 1971) e a propia xurisprudencia do Tribunal Supremo (STS 25.1.1974 ou 5.11.1974).

De acordo con esa doutrina, a eventual responsabilidade da Administración viría determinada polo principio de confianza dos peóns nas condicións de seguridade das vías, rúas e beirarrúas polas que transitan, de modo que a constatación dun inaxeitado estado de conservación destas, cando se traduza na existencia de obstáculos non

apreciábeis polos viandantes co emprego da dilixencia esixíbel como concreción da regra do autocontrol da deambulacón, dará lugar á obxectivación dun vínculo que enlaza o funcionamento do servizo público en xogo co lesivo resultado final producido.

Terceiro.- A carga da proba do dano avaliábel economicamente e singularizado e a súa conexión causal co funcionamento dun servizo correspóndelle á reclamante e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 do Real decreto 429/1993). Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992).

De conformidade co anterior, das actuacións do expediente, resultan os seguintes feitos:

- A reclamante recibiu asistencia médica no Servizo de Urxencias médicas por lesións, que refire a consecuencia da caída, o día 15.2.2005 cunha hora de ingreso ás 20:49 h, cando refire que a caída tivo lugar ás 14,10 h. A testemuña, que a acompañaba, refire tamén que a caída tivo lugar ás 14,10 h e que a acompañou ó hospital.
- Do informe do Servizo de vías e obras de data 5.5.2005 e fotografías que con el se achegan, que se ben cando se acude ó lugar non hai defectos, se observa unha reposición de dous lousas e que a reposición ocupaba 0,50 m cuadrados. Á vista do espazo que ocupaba, que se observa nas fotografías do lugar, era polo tanto visíbel, o que se corrobora coa proba testemuñal na que a testemuña di que si se veía, aínda que casi cerca xa, e incrementa o número de lousas que fataban a 3. Ademais manifesta que era mediodía e había unha boa visibilidade no lugar.
- A reclamante, consonte cos partes de baixa laboral, estivo en situación de incapacidade laboral no réxime da seguridade social do 15.2.2005 ó 23.9.2005.

Indicar, en primeiro lugar, que neste suposto sería preciso caso de recoñecer responsabilidade da Administración nos feitos, e consonte coas sentenzas ditadas polo Xulgado contencioso-administrativo núm. 2 de Vigo (entre outras 206/2007, 207/2007, 208/2007 de datas 9 e 10 de setembro, e 126/2007, de 7 de maio), que aplica o criterio do Tribunal Supremo na súa sentenza de 30.1.2006, ter en conta as cantidades percibidas en concepto de incapacidade laboral durante ese período, co obxecto de minorar a indemnización á que tería dereito, por canto en caso contrario produciríase un enriquecemento inxusto para a lesionada.

Non obstante do exáme do expediente resulta que os defectos na beirarrúa eran viasíbeis, e tiñan unha dimensión que permitían dita percepción, polo que consecuentemente, e consonte coa doutrina do Consello Consultivo de Galicia (entre outros, ditame 380/2006), tratándose dunha irregularidade do firme, manifestada ó exterior, apreciábel por un viandante medio, e que non se obxectiva no expediente que a interesada padeza disfuncións físicas ou sensoriais que xustifiquen unha ponderación inferior, non procede estimar a reclamación, ó obedecer o accidente a unha circunstancia pertencente á esfera da imputabilidade da propia vítima do dano. Seguindo a mesma doutrina, tal e así porque demostrada a ostensíbel manifestación ó exterior da irregularidade do paseo, resulta precisa a concorrencia dun despiste ou distracción de quen padeceu o accidente para que este tivese lugar e, polo tanto, unha deficiente aplicación da dilixencia debida.

Cuarto.- Consonte co anterior, procede non estimar a pretensión de recoñecemento de responsabilidade desta Administración, coa subseguinte indemnización, por non resultar acreditada a relación causa-efecto entre o evento danoso e o funcionamento dun servizo público, o que leva a cualificar o suceso como un accidente común e polo tanto non indemnizábel pola Administración.

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dona Maria del Carmen Castro Míguez, por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos por unha caída ocorrida o día 2 de febreiro de 2005 na rúa Elduayen, ó non resultar convenientemente probado o nexos de causalidade entre o accidente e o funcionamento dun servizo municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

28(768).- RECLAMACIÓN DE D^a. CARMEN NOGUEIRA SOTELO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1539/243. ESTIMADA PARCIALMENTE.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 28.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*

Antecedentes:

D^a. Carmen Nogueira Sotelo presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de abril de 2007, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 29 de marzo do mesmo ano cando circulaba pola rúa Gran Vía, por mor do mal estado do pavimento da beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do Servizo da Policía Local, de data 29/03/2007.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 03/05/2007.*
- *Práctica de proba testifical, en data 10/07/2007.*
- *Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 27/08/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, que formula alegacións en data 27/09/2007.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Nogueira, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa e con facturas os danos materiais. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo o reclamante concorre neste caso, pois a causa da caída foi a falta de dúas lousas na beirarrúa da rúa Gran Vía, circunstancia esta corroborada tanto no parte policial como polo Servizo de Vías e Obras municipal.

A doutrina xurisprudencial admite entre as circunstancias que poden romper o nexos de causalidade tanto a intencionalidade da vítima como a negligencia desta na produción do dano sempre que teñan sido determinantes da existencia da lesión (STS de 15 de decembro de 1997, Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6ª). A carga da proba destas circunstancias correspondería, no seu caso á Administración. No suposto que nos ocupa, foi probado cumpridamente no expediente que a zona en mal estado era perfectamente visible, o que esixe unha maior precaución á hora de circular pola mesma. Este dato, que se desprende dos informes dos servizos municipais (o Servizo de Vías e obras manifesta que faltaban dous lousas de 40 x 40 cm), foi corroborado na proba testemuñal practicada polas testemuñas presenciais dos feitos. Neste senso a testemuña nº 1 ó ser preguntada polo instructor sobre a existencia de defectos na rúa e a que distancia poden apreciarse resposta “ (...) están mal las baldosas. Las baldosas se pueden ver a unos dos metros o así”. Tamén corrobora este dato o feito de que polo lugar transitan centos de persoas diariamente sen problemas, do que se deduce que o defecto non é de difícil percepción para os administrados, do contrario os accidentes serían frecuentes ó ser un lugar de moito tránsito. Así, nin o servizo de vías e obras nin as testemuñas presenciais teñen noticia doutras caídas no mesmo lugar. Tampouco no Departamento de Patrimonio se ten constancia doutras reclamacións polos mesmos feitos. Esta ostensibilidade no tocante a presenza das lousas rotas e a dilixencia que normalmente hai que manter ó transitar polos lugares públicos fan supor a informante que a Sra. Nogueira non controlou adecuadamente o seu propio deambular, circunstancia que propiciou a súa caída. Trátase polo tanto dun despiste, dun feito fortuíto e casual, totalmente alleo ó ámbito de responsabilidade da Administración, que a priori nos leva a concluír que a negligencia da vítima interferiu no nexos causal. É doutrina xurisprudencial reiterada que o carácter obxectivo da responsabilidade patrimonial non supón que a Administración teña que responder de todas as lesións que se produzan no ámbito do servizo público, sendo preciso para ilo que a lesión poida imputarse ó funcionamento do servizo, quedando exonerada a Administración cando a intervención de terceiro ou do propio prexudicado reviste a suficiente intensidade para resultar determinante do resultado lesivo, quebrando a relación co servizo público en cuxo ámbito se teñen producido os feitos, aínda cando o funcionamento do mesmo sexa defectuoso (STS Sala de lo Contencioso-Administrativo, Sección 6, de 30 outubro 2006). Sen embargo, no presente caso hai que ter en conta un dato obxectivo que puido influír na produción do resultado danoso: a idade da vítima, 80 anos. Non é difícil supor que a avanzada idade da Sra. Nogueira implica unha maior dificultade para a percepción dos obstáculos que no caso dunha persoa xove, polo que a informante estima que procede apreciar unha concorrencia de culpas da Administración na produción dos danos, porcentaxe que se fixa nun 30 %.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración un 30 % da responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Salgado, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. A asesoría médica deste Concello a cuantifica en 1.652 €. Esta cantidade se desglosa nos seguintes conceptos: a indemnización correspondente o período de incapacidade temporal, gastos de desprazamentos e gastos de roupa e gafas. De estes conceptos, a xuízo da informante, non procede aboarlle os gastos de desprazamento nin de roupa. Os gastos de desprazamento porque nas facturas de taxi achegadas ó expediente non constan detallados os traxectos realizados, so en algunha delas se especifica o lugar de recollida máis en ningunha se especifica o destino, non resultando probado que os mesmos foran para percorrer a distancia entre a súa casa e o hospital, tal e como manifesta a reclamante. Os gastos de roupa tampouco procede aboalos por canto na factura aportada non consta nin o comprador nin ó obxecto comprado,

podendo ser tanto un chaquetón, como manifesta a Sra. Nogueira, ou calquera outra cosa, e habela comprado a reclamante ou calquera outra persoa. Unha vez deducidos estes dous conceptos da cantidade na que segundo o informe da asesoría médica se cifra a indemnización de danos e perdas resulta unha indemnización de 1. 546, 59 € (1. 138, 79 € pola incapacidade temporal e 407, 80 € polas gafas). Dado que se apreciou concorrencia de culpas e se fixou a porcentaxe desta Administración na produción dos danos nun 30%, corresponde aboar a Sra. Nogueira 463, 77 €.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar parcialmente a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Carmen Nogueira Sotelo, en data 9 de abril de 2007, por existir unha concorrencia de culpas entre a reclamante e ó Excmo. Concello de Vigo, indemnizándoa coa cantidade de 463, 77 € en concepto de danos e perdas”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

29(769).- RECLAMACIÓN DE D^a. MARÍA DEL CARMEN MOLARES DAVILA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.1013/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 5.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D^a. María del Carmen Molares Davila presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 6 de abril de 2006, polos danos e perdas consecuencia dunha caída sufrida o día 7 de abril de 2005 cando camiñaba pola Avenida Martínez Garrido, á altura do número 6 por mor do mal estado da beirarrúa.

A reclamación se sustancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, de data 08/05/2006.
- Ditame médico de valoración de dano corporal, de data 18/07/2006.
- Práctica de proba testifical ás testemuñas propostas pola reclamante en datas 27/10/2007 e 02/11/2007.
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 19/11/2007, que non formula alegacións.

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda

lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabile economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, ó non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Molares, que acredita con diversos informes médicos os danos sufridos na súa persoa. Así, no seu escrito inicial a reclamante solicita unha indemnización de danos e perdas de 780, 15 € en concepto de días de baixa, gastos de rehabilitación e desprazamentos. A xuízo da informante os gastos de desprazamento non resultan xustificadas nin tampouco os gastos de rehabilitación, que non constan pautados polo seu médico, polo que da cantidade solicitada, caso de ser estimada a presente reclamación, tería que deducirse o importe correspondente a estes conceptos.

Unha vez determinada a existencia do dano sufrido pola Sra. Molares procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre este dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figuran o de pavimentación das vías públicas urbanas e conservación dos camiños e vías rurais (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81 a LALGA). Así, a Administración ten o deber ineludible de manter estas vías de modo tal que resulte garantida en calquera momento a seguridade daqueles que as utilicen, deber que implica correlativamente o recoñecemento a favor dos usuarios dun principio de confianza sobre ás condicións obxectivamente aptas do vial. En consecuencia, a Administración resulta obrigada a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que está obrigada a garantir, circunstancia que segundo a reclamante concorre neste caso, pois estima que a causa da súa caída foi o mal estado de conservación da beirarrúa, dato este que se aprecia nas fotografías achegadas pola Sra. Molares ó expediente e no informe do servizo de Vías e obras. Se ben, é preciso matizar que precisamente pola ostensibilidade dos defectos da beirarrúa estes non representan un perigo para a circulación peonil resultando visibles a considerable distancia, 5 metros segundo os inspectores do servizo de Vías e Obras municipal.

No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliabile economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor citou as testemuñas presenciais do accidente propostas pola Sra. Molares. Sen embargo, estas testemuñas ó responder as preguntas do instrutor relativas os feitos denunciados manifestan non ter visto á Sra. Molares nin tropezar nin caer o chan, pois a testemuña número 1 se atopaba no seu negocio e a testemuña número 2 na súa casa. Dado que non foron presenciaron a suposta caída so poden dar fe da realidade das lesións máis non da causa da mesma. Á vista destes datos, a informante conclúe que se ben non existe dúbida da caída da Sra. Molares, tras a proba practicada durante a instrución do expediente non é posible determinar que a mesma se debese ó mal estado da beirarrúa, tal e como afirma a reclamante, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo viario municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. María del Carmen Molares Davila en data 6 de abril de 2006 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

30(770).- RECLAMACIÓN DE D^a. LOURDES PARADA FONTAÍÑA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1549/243. DESESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 29.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

- *Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).*
- *Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).*
- *Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).*
- *Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).*
- *Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións locais (RS).*
- *Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa (LEF).*
- *Prego de condicións da concesión administrativa do servizo de abastecemento de augas e saneamento do Concello de Vigo (PCCSA).*

Antecedentes:

D^a. Lourdes Parada Fontaíña presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 12 de abril de 2007, polos danos e perdas derivados dunha caída sufrida o día 27 de febreiro do mesmo ano mentres camiñaba pola rúa Torrecedeira, á altura do número 17, ó pisar unha tapa dun sumidoiro que se levantou ó ser pisada.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- *Parte do servizo da Policía Local, de data 27/02/2007.*
- *Informe do servizo de Vías e Obras, de data 23/05/2007.*
- *Informe de Aqualia, de data 09/08/2007.*
- *Ditame de valoración de danos, de data 03/09/2007.*
- *Evacúase trámite de audiencia á U.T.E. Aqualia-FCC, concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento de augas, que formula alegacións en data 08/04/2008.*
- *Evacúase trámite de audiencia á reclamante, en data 25/10/2007, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.

O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.

Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.

Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio da Sra. Parada, que queda acreditado coa presentación de diversos informes médicos. Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, aínda que tal servizo é asumido por un concesionario, polo que é preciso deslindar a imputabilidade dunha e doutro para determinar cal dos dous é o responsábel do dano, e polo tanto está obrigado a indemnizar ó prexudicado.

Entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de subministro de auga e rede de sumidoiros (artigos 25.2.11 e 26.1.a LBRL e 80.2.11 e 81.a LALG). O Pleno do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria celebrada o día 25 de outubro de 1990, outorgou en réxime de concesión administrativa o servizo de xestión integral do abastecemento de auga e saneamento de Vigo á Unión Temporal de Empresas Seragua-FOCSA (agora Aqualia-FCC, S.A), por un prazo de 25 anos, contados a partir do 1 de xaneiro de 1991.

O concesionario ten a obriga do mantemento e conservación da infraestrutura adscrita ó servizo de abastecemento de augas e saneamento e a responsabilidade do seu funcionamento (cláusula 26 PCCSA), así como a de indemnizar a terceiros polos danos que lles ocasionen o funcionamento do servizo, salvo que se produzan por actos realizados en cumprimento dunha cláusula imposta pola Corporación con carácter ineludible (artigos 128.1 3ª RS e 121.2 LEF).

No entanto, para que entre en xogo o instituto da responsabilidade patrimonial da Administración é preciso probar a existencia dos danos e a súa vinculación co funcionamento dalgún servizo público. A carga da proba da existencia dun dano avaliable economicamente e singularizado, e a súa conexión causal co funcionamento dalgún servizo público correspóndelle ó reclamante, e a dos feitos impeditivos da pretensión á Administración (artigos 5.3 e 6.1 RRP). Se ben, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 LRJAP). Nesta liña, o instrutor dirixiuse ós servizos municipais por se tiveran constancia do accidente e reclamou á Policía Local o parte de servizo elaborado con ocasión do accidente. Resultando que cando os axentes actuantes chegaron o lugar do presunto accidente a caída xa tiña acaecido, polo tanto, non foron testemuñas da mesma e non poden dar fe nin da súa realidade nin da súa causa, se limitaron a recoller o relato dos feitos efectuado pola Sra. Parada se ben deixaron constancia de que esta presentaba determinados danos, así como da existencia dunha arqueta destapada no lugar dos presuntos feitos. Dado que a reclamante non presenta ningunha testemuña presencial dos feitos e á vista da documentación que obra no expediente, a informante conclúe que a Sra. Parada non probou suficientemente os feitos nos que basea a súa reclamación e se ben tras a proba practicada durante a instrución do expediente non existe dúbida da súa caída, pola contra, non é posible determinar que a mesma se debese a existencia dunha arqueta destapada na beirarrúa, tal e como afirma, e non a calquera outra causa, non resultando posible vinculala ó funcionamento anormal do servizo de abastecemento e saneamento de auga municipal. Non existe, polo tanto, relación de causalidade entre os danos e o funcionamento de ningún servizo público de esta Administración.

Cuarto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, se propón a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por D^a. Lourdes Parada Fontaiña en data 12 de abril de 2007 por non corresponder ó Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos, ó non resultar convenientemente probado o nexa de causalidade entre o accidente e o funcionamento normal ou anormal de ningún servizo público municipal”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

31(771).- RECLAMACIÓN DE D^a. M^a ISABEL BALLESTEROS MANDÍAS DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE.493/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 30.04.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

Normativa de aplicación:

Constitución Española de 6 de decembro de 1978 (CE).

Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).

Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).

Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALG).

Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).

Antecedentes:

D. Alberto Viejo Puga presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, en nome e representación de D^a. M^a Isabel Ballesteros Mandías, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 9 de febreiro de 2005, no que expón que o día 20 de outubro de 2004, o vehículo propiedade da Sra. Ballesteros, con matrícula PO-5532-BN, estando estacionado na rúa Serafín Avendaño, á altura das torres, recibiu o impacto dun colector de lixo movido polo vento, causándose danos materiais ó dito vehículo.

A reclamación se substancia a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Parte de servizo da Policía Local, de data 20/10/2004.*
- Informe do Parque Móbil, de data 09/03/2005.*
- Informes do servizo de Limpeza, de datas 21/02/2005 e 14/03/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia ó reclamante, que formula alegacións en data 23/06/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia a Fomento de Construcciones y Contratas, concesionaria do servizo de limpeza e recollida de lixo, que formula alegacións en data 15/04/2005.*
- Evacúase trámite de audiencia a U.T.E. Contenur-Otto, que formula alegacións en data 12/02/2008.*

Fundamentos de dereito:

Primeiro.- Os artigos 106.2 CE e 139.1 LRJAP consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por estas, de toda lesión que sufran en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Segundo.- Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 LRJAP:

- A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliable economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.
- Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.
- Que non sexa produto de forza maior.

Analizaremos a continuación se concorren ou non estes requisitos na presente reclamación ó obxecto de determinar a procedencia ou improcedencia de estimar a mesma.

Terceiro.- Á vista da documentación que obra no expediente non existe dúbida da existencia dun dano e da súa cuantificación económica, dano residenciable no patrimonio do Sra. Ballesteros, e que queda acreditado coa presentación dunha factura de reparación dos danos que presentaba o seu vehículo emitida por un taller mecánico.

Procede examinar agora a existencia de relación de causalidade entre o dano e o funcionamento do servizo público, determinante do dereito do particular lesionado a ser indemnizado pola Administración.

O dano prodúcese no marco dun servizo público ou actividade da Administración, así, entre os servizos públicos que o ordenamento encomenda á Administración local figura o de recollida de lixo (artigos 25.2.d e 26.1.a LBRL e 80.2.d e 81. LALG) para a prestación do cal é necesaria a utilización de determinados medios materiais, como colectores situados na vía pública para o depósito de residuos sólidos. Ó Concello, como titular destes bens, correspóndelle o deber de vixilancia e mantemento dos mesmos, para que non poñan en risco a seguridade dos vehículos e persoas que utilizan a vía pública na que estean situados, e este deber obriga a Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos fortuítos que alteren as condicións de seguridade que está obrigada a garantir. No presente caso, do informe da Policía Local despréndese que o colector bateu no vehículo, causándolle un afundimento na porta traseira. Á vista destes datos a informante conclúe que se dá unha relación directa entre o dano e o que se constata como un deficiente funcionamento do servizo público.

Cuarto.- Unha vez determinado que concorren no presente caso os presupostos necesarios para imputar a esta administración a responsabilidade dos danos sufridos pola Sra. Ballesteros, é preciso determinar o importe da indemnización dos danos e perdas. O reclamante achega ó expediente unha factura emitida por Talleres Ramallo, por un importe de 289, 34 euros que o Servizo de Parque Móbil estima correcta, resultando procedente, polo tanto, o seu aboamento.

Quinto.- A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local.

En mérito ó que antecede, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación formulada por D. Alberto Viejo Puga en nome e representación de D^a. M^a Isabel Ballesteros Mandiás, en data 29 de febreiro de 2005, por corresponder ó Excmo. Concello de Vigo a responsabilidade patrimonial dos danos sufridos por este, indemnizándoo coa cantidade de 289, 34 € en concepto de danos e prexuízos”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

32(772).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA UTE CONTENUR-OTTO CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO EN PARTE DA RECLAMACIÓN DE D^a. BELÉN LAIZ MOREIRA DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 856/243.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concesionaria U.T.E. CONTENUR-OTTO interpón o 11.1.2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 29.10.2007, que lle foi notificada en data 11.12.2007 e que, estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Belén Laiz Moreira, declarou que a responsabilidade dos danos reclamados por mor dun colector de lixo movido polo vento lle correspondía, e tendo que indemnizar á reclamante na contía de 150 euros.

Terceiro.- Do recurso interposto deúselle traslado á reclamante, que non fixo alegacións.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.-

O recurso fundaméntase sintéticamente en: reitérase no contido dos seus anteriores escritos por canto di non hai proba ningunha dos feitos e que contrariamente ó estimado erroneamente, o colector supostamente causante dos danos, cunha capacidade de 2.400 litros, carece de frenos por canto é un tipo de colector que se apoia directamente coa súa base no chan e carece de rodas ou outro mecanismo que impida o seu desprazamento. Tamén que a obriga da concesionaria limitase a reparar e repoñer os colectores que sufriran algún dano e lavalos e desinfectalos, e que esa concesionaria non manipula a diario os colectores cosa que si fai outra concesionaria, e que o día dos feitos non existiron ráfagas de vento suficientes para empuxar o colector.

Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, e resultou plenamente acreditado no expediente que os danos que sufriu o vehículo da reclamante o foron a consecuencia do colector movido polo vento.

Resultou, polo tanto, debidamente probado un deficiente funcionamento do servizo, por canto a carencia de elementos axeitados de suxección no colector motivou que éste fora deplazado polo vento colisionando co vehículo da reclamante, sen que resultara acreditada causa de forza maior. Probada, polo tanto, a conexión causal do dano polo que se reclama co funcionamento do servizo, procede, en consonancia coa doutrina do Consello consultivo de Galicia mantida, entre outros, no seu ditame 318/2007, declarar que a responsabilidade por estes feitos lle corresponde á concesionaria a quen compete a instalación e mantemento dos colectores en perfectas condicións de uso, e que en virtude da Clausula X.I.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a concesión está obrigada a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputabeis ó Concello. E isto por canto non constan acreditados no expediente ningún dos supostos que permitirían declarar, de conformidade co art. 97.2 do texto refundido da lei de contratos, a responsabilidade da Administración.

Terceiro.- Consonante co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E. CONTENUR-OTTO. contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data de 29 de outubro de 2007 que estimando en parte a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por dona Belén Laiz Moreira lle declarou responsabel dos danos padecidos no seu vehículo a consecuencia dun colector de lixo desprazado polo vento tendo que indemnizarlle na contía de 150 euros, e confirmala na súa integridade.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

33(773).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA UTE CONTENUR-OTTO CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL ESTIMATORIO DA RECLAMACIÓN DE D.

JUAN CARLOS POLO APARICIO DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1473/243.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- A concesionaria U.T.E. CONTENUR-OTTO interpón o 27.3..2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de data 3 de marzo de 2008, que lle foi notificada en data 18.3.2008 e que, estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don José Carlos Polo Aparicio e por dona Tamara Ucha groba en representación da entidade Reale Seguros Generales, declarou que a responsabilidade dos danos reclamados por mor dun colector de lixo movido polo vento lle correspondía, e tendo que indemnizar a don Jose Carlos Polo Aparicio na contía de 400 euros e a Reale Seguros Generales, S.A, na contía de 1.208,13 euros.

Terceiro.- Do recurso interposto deúselle traslado ós reclamantes , que fixeron alegacións por escrito de data de entrada no Concello o 25.4.2008.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.-

O recurso fundaméntase sintéticamente en: reitérase no contido dos seus anteriores escritos por canto di non hai proba ningunha dos feitos e que contrariamente ó estimado erroneamente, o colector supostamente causante dos danos, cunha capacidade de 2.400 litros, carece de frenos por canto é un tipo de colector que se apoia directamente coa súa base no chan que carece de rodas ou calquera outro mecanismo que impida o seu desprazamento, que ningún colector da zona tivo ningún desperfecto e a imposibilidade física do seu desprazamento. Tamén que a obriga da concesionaria limítase a reparar e repoñer os colectores que sufriran algún dano e lavalos e desinfectalos, e que esa concesionaria non manipula a diario os colectores cosa que si fai outra concesionaria, e que o día dos feitos non existiron ráfagas de vento suficientes para empuxar o colector.

Os reclamantes pola súa banda alegan a acreditación da existencia de responsabilidade patrimonial e a executoriedade da resolución que se recorre.

Ningunha das alegacións da reclamante ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, e resultou plenamente acreditado no expediente que os danos que sufriu o vehículo da reclamante o foron a consecuencia do colector movido polo vento.

Resultou, polo tanto, debidamente probado un deficiente funcionamento do servizo, por canto a carencia de elementos axeitados de suxección no colector motivou que éste fora desplazado polo vento colisionando co vehículo da reclamante, sen que resultara acreditada causa de forza maior.

Probada, polo tanto, a conexión causal do dano polo que se reclama co funcionamento do servizo, procede, en consonancia coa doutrina do Consello consultivo de Galicia mantida, entre outros, no seu ditame 318/2007, declarar que a responsabilidade por estes feitos lle corresponde á concesionaria a quen compete a instalación e mantemento dos colectores en perfectas condicións de uso, e que en virtude da Clausula X.I.c) do Prego de cláusulas administrativas particulares que rexeu a concesión está obrigada a indemnizar os danos causados a terceiros como consecuencia das operacións que requira o desenvolvemento do servizo, agás cando o dano sexa producido por causas imputabeis ó Concello. E isto por canto non constan acreditados no expediente ningún dos supostos que permitirían declarar, de conformidade co art. 97.2 do texto refundido da lei de contratos, a responsabilidade da Administración.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

“Desestimar o recurso de reposición interposto pola U.T.E. CONTENUR-OTTO. contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 3 de marzo de 2008 que estimando a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por don Jose Carlos Polo Aparicio e dona Tamara Ucha Groba en representación da entidade Reale Seguros Generales, S.A. lle declarou responsable dos danos padecidos no a consecuencia dun colector de lixo desprazado polo vento tendo que indemnizarlle a don Jose Carlos Polo Aparicio na contía de 400 euros e a Reale Seguros Generales S.A. na contía de 1.208,13 euros, e confirmala na súa integridade.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

34(774).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D^a. BEGOÑA NIETO DEL VALLE CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1347/243.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 8.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Dona Begoña Nieto del Valle presenta en data 28 de abril de 2008 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos causados a consecuencia dun accidente co seu vehículo o día 14 de decembro de 2006, e que lle foi notificada o 8 de abril de 2008.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procedo admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que a interesada disiente da petición de informes efectuada, e manifesta que hai proba bastante coas fotografías que achegou e testemuñas, por canto moitos veciños o poden verificar.

Ningunha destas alegacións ten virtualidade suficiente para desvirtuar a resolución que se recorre, por canto non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRXPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

Como xa se explicitou na resolución que se recorre, nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcionamento do servizo.

Non obstante, aínda que a proba incumbe a quen reclama, a actividade que desenvolve a Administración está presidida polo interese xeral, obxectividade e imparcialidade, polo que debe de esclarecer de oficio a verdade material e realizar os actos de instrución necesarios para a determinación, coñecemento e comprobación dos feitos (artigo 78 da Lei 30/1992). Entre estes actos de instrución atópase a facultade de solicitar cantos informes se estimen necesarios para resolver, así como a obriga de solicitar informe ó servizo cuxo funcionamento puidera ter ocasionado a presunto dano indemnizabel (art. 10.1 do Rd 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o regulamento dos procedementos das administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial).

Respecto as testemuñas que di que ten, indicar que en data 28 de decembro de 2006, en escrito de mellora de solicitude no seu parágrafo i) requiriúselle para que indicara os medios de proba propostos, momento procesal

oportuno para que citara ás testemuñas que di que tene poder practicar con elas, unha vez indicada a súa dirección a efectos de notificacións, a proba testemuñal procedente, e non o fixo. Tampouco fixo alegación ningunha a este respecto en trámite de audiencia á vista da documentación obrante no expediente. Por todo o que nin na instancia nin nesta vía de recurso hai proba bastante ó efecto.

Terceiro.- Consonte co art. 116 da LRPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por dona Begoña Nieto del Valle contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 10 de marzo de 2008, que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ó Concello por mor dun accidente co seu vehículo na rotonda do PAU de Navia, e confírmala na súa integridade.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

35(775).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR D. ALFONSO FREIRÍA PIÑEIRO CONTRA ACORDO DA X.GOBERNO LOCAL DESESTIMATORIO DA RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1043/243.DESESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 9.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Don Alfonso Freiria Piñeiro presenta en data 25.10.2007 recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Vigo, por mor de danos materiais causados a consecuencia dun ángulo metálico en mal estado na parte superior dos cristais da entrada/saída de peóns do aparcadoiro da rúa Urzaiz, e que lle foi notificada o 22.10.2007.

Segundo.- Do recurso interposto deúselle traslado á concesionaria U.T.E. Eloyamar-Trnviás Eléctricos de Vigo, que fixo alegacións en data 6.3.2008, e practicouse proba testemuñal a persoa proposta polo reclamante.

Terceiro.- En trámite de audiencia, o reclamante non fixo alegacións.

FUNDAMENTOS

Primeiro.- Procede admitir a trámite o recurso de reposición interposto por canto se fai no tempo e forma establecidos nos arts. 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC).

Segundo.- O recurso fundaméntase sintéticamente en que non se amosa de acordo coa resolución que se recorre porque contrariamente ó indicado na resolución si que ten testemuñas dos feitos polos que se reclama, e polo tanto pode probalos.

En primeiro lugar, indicar que non se observa a concorrencia de ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade dos arts. 62 e 63 da LRPAC, como así se esixe no art. 107 do citado texto legal.

En todo caso, tal e como se indica na resolución que se recorre, nos expedientes de responsabilidade patrimonial é requisito necesario que a efectividade do dano veña probada, requisito que a xurisprudencia di que opera para acreditar todos e cada un dos elementos interviñentes na produción do dano e na xeración do correlativo dereito a ser indemnizado, correspondéndolle o interesado a carga da proba e a súa conexión causal co funcio-

namento de servizo, e co recurso interposto seguen sin acreditarse tanto os feitos como a súa relación causal co funcionamento dun servizo público municipal consonte coa doutrina que na resolución se aplica. E isto porque se ben se practicou proba testemuñal ó efecto, a testemuña afirma que ela non viu como o reclamante enganaba o seu niki.

Polo que procede desestimar o recurso presentado e confirmar a resolución que se recorre.

Terceiro.—De acordo co art. 116 da LRXPAC, é competente para resolver este recurso a Xunta De Goberno Local ó tratarse do órgano que dictou a resolución impugnada.

Polo exposto proponse á Xunta de Goberno local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

“Desestimar o recurso de reposición interposto por don Alfonso Freiria Piñeiro contra a resolución da Xunta de Goberno Local de data 1 de outubro de 2007 que desestimou a súa reclamación de responsabilidade patrimonial por mor de danos nun xersei na entrada/saída do aparcadoiro da rúa Urzaiz, e confírmala na súa integridade.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

36(776).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AQUALIA-FCC VIGO UTE CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL ESTIMATORIO PARCIAL DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. EXPTE. 1012/243. ESTIMADO.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 7.05.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRJAP).
- Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo, polo que se aproba o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial (RRP).
- Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2000, de 16 de xuño (LCAP).

ANTECEDENTES

D. Darío Arias Núñez, actuando en nome e representación de AQUALIA-FCC VIGO UTE, interpón recurso de reposición, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 19 de outubro de 2007, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007. Nesta resolución se acordou:

“1º. Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial formulada por Dª. Carmen Barros Carrera.

2º. Declarar que a responsabilidade patrimonial dos danos corresponde á U.T.E. Aqualia-FCC S.A., empresa concesionaria do servizo municipal de augas, de conformidade co establecido no artigo 26 do prego de condicións da concesión administrativa do servizo de xestión integral do abastecemento de auga e do Concello de Vigo, debendo a dita empresa indemnizar á reclamante na contía de 348 euros, polos danos e perdas sufridos por mor do accidente”.

Do presente recurso se lle deu traslado a Dª. Carmen Barros Carrera, en data 24 de outubro de 2007, que non formula alegacións.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Os interesados poden recorrer potestativamente en reposición os actos administrativos que poñen fin á vía administrativa ante o mesmo órgano que os teña ditado. Este recurso deberá fundarse en calquera dos

motivos de nulidade ou anulabilidade previstos nos artigos 62 e 63 da LRJAP (artigo 116 LRJAP). Sendo o prazo para a súa interposición de un mes se o acto fose expreso, como no caso que nos ocupa (artigo 117 LRJAP).

Resultando que a resolución recorrida lle foi notificada á mercantil recorrente en data 1 de outubro de 2007 e que o recurso foi interposto en data 19 de outubro, este foi presentado en prazo, polo que procede a súa admisión.

Segundo.- O Sr. Arias en sede de recurso non cuestiona a responsabilidade da súa representada no sinistro que motivou o presente expediente, e se limita a formular unha única alegación relativa a poñer de releve o erro aritmético en que incorre a resolución recorrida ó determinar o quantum indemnizatorio. Efectivamente, a Sra. Barros cuantifica na súa reclamación de responsabilidade patrimonial os danos e prexuízos sufridos en 177, 57 €, cantidade que se corresponde co importe da reparación dos danos que sufriu o seu vehículo con ocasión do accidente que motivou a reclamación. Esta cantidade é xustificada coa presentación dunha factura emitida por Talleres Ernesto. No entanto, a resolución recorrida fixa a indemnización en 348 €. Constatada a existencia dun erro aritmético resulta procedente corrixilo.

En mérito ó exposto, propónse a Xunta de Goberno Local, en uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“1º.- Estimar o recurso de reposición interposto por D. Darío Arias Núñez, en nome e representación de AQUALIA-FCC VIGO UTE, en data 19 de outubro de 2007, contra o acordo da Xunta de Goberno Local de data 24 de setembro de 2007, por existir un erro aritmético no acordo recorrido.

2º.- Corrixir o erro aritmético da resolución recorrida substituíndo no seu punto “2º” 348 euros por 177, 57 euros”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

37(777).- ENCARGO DE REDACCIÓN DUNHA PROPOSTA NORMATIVA DE USOS DO PAZO DE CASTRELOS PARA ACTOS NON DERIVADOS DA SÚA ACTIVIDADE COMO MUSEO. EXPTE. 3095/337.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do director do Museo municipal de Vigo “Quiñones de León”, do 18.04.08, que di o seguinte:

A instancias da presidenta do Padroado do Museo Municipal de Vigo “Quiñones de León”, concelleira delegada de Patrimonio Histórico, sra. Elena Maure Noia; o que subscribe elaborou o presente informe preliminar acerca do uso das instalacións do pazo de Castrelos para actos non derivados da súa actividade como museo; e a necesidade de establecer unhas normas de uso das instalacións que permitan compatibilizar adecuadamente o seu emprego como tal e como sé de actos institucionais e doutros non culturais, fundamentalmente vodas civís.

A premura do encargo do presente informe impide o que subscribe afondar pormenorizadamente no obxecto do informe. Non obstante, a vista dos datos dispoñibles, pode avanzarse o que a continuación segue, agardando sexa de utilidade para o goberno municipal en tanto poida fixar os usos non museísticos das instalacións do pazo compatibilizándoos, na medida en que sexa posible, coas obrigas legalmente establecidas que o goberno municipal ten respecto da protección, conservación e difusión do inmovible e as súas coleccións.

I. XUSTIFICACIÓN DO USO DO PAZO DE CASTRELOS COMO MUSEO

1. Os termos da doazón do Pazo de Castrelos á cidade de Vigo

A doazón do pazo de Castrelos á cidade de Vigo faise efectiva en París o 12 de decembro de 1924 baixo unha serie de condicións establecidas polo doante, Marqués de Alcedo, recollidas no documento de doazón do cal transcribense, en lingua galega, as partes de maior interese en relación co asunto que se trata:

“En París, a 12 de decembro de 1924, ante mín, Don Rafael Sánchez de Ocaña y Fernández, Vicecónsul de España en funcións notariais delegadas por Don José Cubas y Sagarzazu, Cónsul Xeral de España en dita Residencia, comparece: O Excmo Sr. Don Fernando Quiñones de León y de Francisco-Marín, Marqués de Alcedo y San Carlos, español, maior de idade, viúvo, Conselleiro de Embaixada de S.M. con residencia... expoñéndome a continuación os seguintes feitos. 1º. Que é dono da núa propiedade do palacio de Castrelos.. correspóndelle a núa propiedade desta finca por herdanza do seu defunto fillo o Excmo. Sr. D. Fernando Quiñones de León y El-duayen, Marqués de Mos e Valladares. 2º. Que desexando dar proba do seu destacado aprezo á cidade de Vigo... decidiu doar a finca antes descrita ao Concello de Vigo, con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS:

O Excmo Señor Marqués de Alcedo fai doazón ao Concello de Vigo de todos os seus dereitos sobre a finca descrita no feito primeiro da exposición desta escritura.

A referida finca terá a denominación de “Parque Quiñones de León” e no vestíbulo do Palacio colocarse unha lápida que dea permanente memoria da doazón...

A finca obxecto da doazón non sairá nunca do dominio do Excmo. Concello e será destinada a Museo de Arte Rexional e parque, ou calquera outro fin benéfico ou artístico.

De non cumprirse rigorosamente as condicións redactadas, como non sexa por causa de forza maior, a doazón considerárase nula e sen ningún valor, pasando a finca e palacio aos herdeiros legais do Sr. donante...”

As condicións de doazón son aceptadas por unanimidade no Pleno do Concello de Vigo na súa sesión extraordinaria de 11 de marzo de 1925.

2. Os regulamentos do museo

O museo na II República. O regulamento de 8 de abril de 1936

Tras un primeiro regulamento (15-04-1935), o segundo é o considerado como verdadeiro paso decisivo para a apertura do museo municipal. Foi aprobado, como “Bases para a reorganización do Padroado do Museo da Cidade de Vigo e Parque Quiñones de León-Castrelos”, en sesión ordinaria do Concello de 8 de abril de 1936.

No seu artigo 16 dí expresamente que se procurará “que o Museo estea aberto o maior número de horas posibles, sen exceptuar domingos e festivos, procurando facelas compatibles coas horas de descanso da clase obreira”.

O museo na Ditadura. Sen regulamento propio

O museo municipal abriu as súas portas en plena guerra civil española o 22 de xullo de 1937 e non tivo, durante o período da ditadura, ningunha clase de regulamento propio, anque si un proxecto e un padroado.

O museo na actual etapa democrática

Actualmente o museo dispón dun regulamento propio aprobado polo Pleno na súa sesión de 28 de febreiro de 1981.

No capítulo I, artigo 6., este regulamento define o museo como “unha institución viva, dinámica, ao servizo da cultura popular e consecuentemente, permanecerá aberto o máximo de horas posibles cada día”.

3. Conclusións

En ningún dos referentes mencionados aparece mención algunha sobre a posibilidade de desenvolver actos no pazo de Castrelos non estrictamente relacionados coa actividade propia do museo.

Polo contrario, os gobernos democráticos do Concello de Vigo teñen aprobados regulamentos nos que explicitamente se expresa a vontade de que o museo permaneza aberto ao público a maior cantidade de días e horas posibles para libre aproveitamento da cidadanía.

Nesta idea de facilitar o acceso ao museo do mellor xeito posible aos usuarios, a actual dirección promoveu a súa apertura para visita libre conforme ao seguinte horario:

*Martes, xoves e venres: 10-13-30 hs / 17-20.00 hs.
Mércores: 10 – 20 hs.
Sábados: 17-20.00 hs (peche parcial da planta baixa por vodas).
Domingos e festivos: 10-13-30 hs.
Luns, 25 de decembro e 1 de xaneiro pechado.*

A diferenza fundamental deste horario, respecto o da etapa anterior, e que por vez primeira permítese a visita LIBRE, é dicir que, dentro das horas establecidas, o visitante pode moverse libremente polas salas do museo, limitado unicamente polo horario e a normativa de protección que actualmente se aplica. Deste xeito a súa visita non está limitada por un guía, o tempo que este marque, un itinerario preciso, e dentro dun grupo, tal e como se viña facendo ata o ano 2000.

Sen dúbida esta medida histórica no museo municipal ten sido bo aliciente para visitar o museo o cal teñen posto de manifesto en reiteradas ocasións os nosos usuarios.

II. Os usos do pazo de Castrelos para actividades non estrictamente museísticas: actos institucionais e vodas civís

A falta de tempo dabondo para a elaboración do presente informe; e fundamentalmente de documentación inmediatamente accesible ao que subscribe; impide desenvolver un estudio máis pormenorizado do momento en que comezan a xeneralizarse os usos non museísticos do pazo de Castrelos.

Non obstante en base a información recollida pode avanzarse que este uso espurio do museo foi política xeneralizada practicamente dende o momento da súa apertura derivada sen dúbida da dinámica dos gobernos municipais franquistas de converter ao pazo na sé dos seus actos institucionais.

- Actos de carácter institucional.*

Particularmente foi durante o goberno do Alcalde Sr. Portanet, nos anos 60, cando o pazo de Castrelos converteuse na sé de maior representación institucional do Concello de Vigo.

Antes das reformas dos 80, o pazo dispoñía incluso de dormitorios para a pernocta das personalidades destacadas salientando, pola súa popularidade, a visita de Evita Perón nos anos 40 - que motivou toda unha ringleira de vigueses e viguesas por coñecer as estancias nas que durmira-; e pola súa significación, as de Carmen Polo de Franco, muller do ditador, se ben non parece probable que este durmira no pazo.

Banquetes, recepcións e cócteles institucionais serán xeneralizados en toda esta época; o cal pode comprenderse nunha sociedade como a franquista na que a parafernalia política e social do réxime primaba sobre calquera outra consideración e, claro está, o interese xeral da cidadanía e consecuentemente, en particular para Castrelos, o uso exclusivamente cultural da instalación.

Pasada esta época, a chegada da democracia non minguou en absoluto esta política de emprego do pazo para os actos institucionais do Concello. Perviviu ao longo de todos os gobernos municipais facéndose particularmente intensiva nos anos 80, baixo o mandato do alcalde Sr. Soto, e chegando ata hoxe mesmo. Debe dicirse ao respecto que nunca existiu unha normativa de uso das instalacións do pazo para esta clase de actos non culturais.

2. Vodas civís.

Debeu ser, a comezos dos 90, cando o goberno municipal, presidido polo Alcalde Sr. González Príncipe, acordou a celebración de vodas civís no pazo de Castrelos como alternativa á planta novena da Casa do Concello, na praza do Rei, onde ata entón viñan celebrándose. As vodas limitáronse inicialmente aos sábados de mañá e provocaron dende ese momento o peche completo do pazo nese horario.

Mediada a década dos 90, o goberno presidido polo Alcalde Sr. Pérez, do grupo do Partido Popular, comezou a estender as vodas tamén as tardes do venres e dos sábados. A partir de 2001, baixo o novo goberno de coalición PSOE-BNG estas establécense definitivamente para os sábados de tarde anque deixan de celebrarse os venres. Esta situación motiva dende entón e a ata actualidade o peche parcial da planta baixa do museo todos os sábados entre 18.00 e 20.00 horas.

II. Efeitos indesexables dos usos do pazo de Castrelos para actividades non estrictamente museísticas: actos institucionais e vodas civís. Necesidade de establecer unha normativa de uso

Recoñecendo que é práctica habitual dalgunhas institucións públicas o uso de equipamentos culturais, algúns museos, e particularmente cando se emprazan en edificios históricos de alto valor patrimonial; para actividades institucionais; tamén debe dicirse que estes usos son sempre secundarios respecto as súas funcións orixinais que, para os museos en particular, non son outras que as recollidas no seguinte parágrafo:

“Un museo é unha institución permanente, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento, e aberto ao público, que se ocupa da adquisición, conservación, investigación, transmisión de información e exposición de testemuños materiais dos individuos e o seu medio ambiente, con fins de estudio, educación e recreación.”

(Estatutos del ICOM, artigo 2, parágrafo. 1)

No caso do museo municipal as limitacións de usos, que implican esta definición, son especialmente obrigadas; e calquera outro emprego, fora do estrictamente museístico, debe estar especialmente xustificado dado que, como se dixo, a sé do museo, o pazo de Castrelos, é produto dunha doazón na que expresamente se contempla un uso rigoroso da instalación como MUSEO.

Non obstante, se o goberno municipal mantén o seu interese por levar a cabo actividades non estrictamente museísticas no pazo – seguindo a constante de toda a súa existencia- estas deberían limitarse, responsable e estrictamente, a aqueles actos nos que o valor institucional é máximo (Día da Constitución, Día de Galicia, Día da Reconquista, etc...); de xeito que aqueles outros verdadeiramente secundarios (actos de benvida; convites...; por mor da celebración de congresos, xornadas, encontros; as presentación de eventos; etc..) deberían celebrarse noutras instalacións tamén secundarias. En ningún caso as vodas civís poden entenderse fora doutra categoría que esta última.

Estes actos institucionais, plenamente xustificadas, deberían desenvolverse, non obstante, de acordo cunha normativa de uso que contemple necesariamente as obrigas que a lei establece respecto aos museos e o patrimonio que custodian.

Actualmente xa son de aplicación unha serie de normas xerais para os usuarios do pazo-museo. Sen embargo a celebración dos actos institucionais e vodas civís prescinde delas con excesiva frecuencia creando perigosas excepcións ao quedar á criterio persoal do responsable político do acto, ou do seu delegado técnico para protoco-lo, a consideración ou non da citada normativa.

Deste xeito temos observado, por exemplo, con elevada reiteración nos últimos tempos, a apertura inxustificada de salas para visita dos convidados aos actos cando o museo está pechado e sen vixilancia; a libre autorización para fotografados en zonas restrinxidas que habitualmente precisan dun permiso específico; a ausencia de persoal especificamente destacado no museo para a organización do acto - o que fai recaer na policía local ou no vixiante municipal das instalacións toda a responsabilidade sobre as consecuencias do seu mal uso-; a falta dunha dotación específica de vixilancia ou limpeza por parte dos organizadores para atender o acto; etc....

Este mal uso das instalacións do pazo de Castrelos repercute moi negativamente no museo municipal. En primeiro lugar, ao permitirse o acceso indiscriminado e sen control de persoas pola porta principal do pazo, excédese con frecuencia moi amplamente o aforo máximo permitido (70 persoas). A entrada sen control de taquilla facilita tamén a introdución de bolsos, paraugas e outros elementos susceptibles de ser usados para a sustracción dos pequenos obxectos expostos ou danar seriamente as obras de arte. A apertura excepcional da porta principal do pazo significa tamén a entrada repentina dun gran volume de ar procedente do exterior o que motiva un brusco cambio das condicións ambientais do pazo (temperatura, humidade, etc.. ..). Ademais, se o acto vai acompañado de catering, o trasfego continuo de comida e bebida polo interior do pazo produce a miúdo accidentes co conseguinte vertido de líquidos ou sólidos sobre as alfombras, o mobiliario histórico, etc.; do mesmo xeito que o seu consumo normalmente provoca o uso de bargeños, mesas, etc... para posado de vasos, copas, pratos; etc...

Tal vez un dos efectos máis indesexables da realización desta clase de actos no pazo sexa o peche temporal das súas instalacións ao público. No caso das vodas civís resulta particularmente prexudicial porque estas desenvólvense en pleno fin de semana (sábado mañá, sábado tarde; e agora tamén venres tarde), o momento en que sen dúbida, vigueses e viguesas, os nosos principais e naturais destinatarios, dispoñen sen dúbida de maior cantidade de tempo libre.

Os turistas e os escolares son usuarios fundamentalmente de semana e, por este motivo, son os principais prexudicados polos peches provocados por actos institucionais que é entón cando con maior intensidade estes se celebran; especialmente se veñen en grupos con reserva previa de cuxa cancelación o museo a penas ten tempo de avisarlles dado que estes actos comunícanse case sempre ao museo con moi pouco tempo de antelación. A este respecto chégannos, con excesiva frecuencia, queixas dos guías turísticos.

Visto todo o cal, considérase do máximo interese, en beneficio do museo, dispoñer dunha normativa de usos do pazo de Castrelos para actividades non estrictamente culturais ou museísticas; particularmente actos institucionais e vodas civís. Só deste xeito poderán compatibilizarse ambos usos e garantir o bo funcionamento, máximo aproveitamento, e a debida protección que este museo require.

Con data 21.04.08, a presidenta do Padroado do Museo Municipal e concelleira-delegada de Patrimonio Histórico emite a seguinte proposta:

Encargar ó director do museo municipal a redacción dunha proposta de normativa de usos do pazo de Castrelos para actividades non estrictamente museísticas, particularmente actos institucionais e vodas civís de acordo co seu informe de 18.04.08.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

38(778).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO INTERINO DE TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL PARA O SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE. EXPTE. NÚM. 17885/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa da Unidade de Persoal, do 8.05.08, que di o seguinte:

O tribunal cualificador encargado de xulga-las probas selectivas para a provisión con carácter interino dunha praza vacante de técnico de administración xeral para o Servizo de Medio Ambiente na súa sesión de 7 de maio de 2008, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local o nomeamento da única aspirante que superou tódolos exercicios D^a María Blanco Rodríguez, con DNI 36.167.425-V.

Por iso, de conformidade co previsto no Artº 127.h, da Lei 7/1985, reguladora de Bases do Réxime Local, na súa redacción dada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para la modernización del gobierno local, propónse á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

“Nomear funcionariara interina, con cargo a praza vacante de Técnico de Administración Xeral no Servizo de Medio Ambiente a aspirante proposta polo Tribunal Cualificador e que superou tódolos exercicios da oposición:

Dª MARÍA BLANCO RODRÍGUEZ, NIF 36.167.425-V, que obtivo unha puntuación total de 20,387 puntos. “

O presente acordo notifíquese a interesada, Unidade de Persoal, Intervención Xeral, Organización e Métodos, Comité de Persoal e Concelleira-delegada do Servizo de Medio Ambiente.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

39(779).- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ENCOMENDA DE FUNCIONS A D. JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ, Dª PAZ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ E A D. ROSENDO COVELO ROMA. EXPTE.18238/220.

Dáse conta das resolucións do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 12.05.08, que din o seguinte:

a) ENCOMENDA PROVISIONAL DE FUNCIONS A D. JESÚS NÚÑEZ-TORRÓN LÓPEZ.

Considerando as necesidades organizativas que se demandan polo Servizo de Benestar Social, recollidas no escrito da Concelleira-delegada da Área de 12 de maio do 2008, e en tanto non se proceda á incorporación do funcionario en situación de incapacidade temporal D. Lois Cea Nogueira; ao abeiro do recollido no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e no uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, R E S O L V O:

Encomendar provisionalmente ao funcionario D. Jesús Núñez-Torrón López, director do Laboratorio Municipal, as funcións de responsable da área de Benestar Social durante o tempo que se manteña a situación de incapacidade temporal do actual xefe da Área D. Lois Cea Nogueira.

Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dése traslado ao interesado, concelleira-delegada da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Unidade de Persoal, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal, dando conta á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

- Favorecer a integración dos obxectivos enerxéticos nos sectores ambientais e nos sectores productivos do seu ámbito.
- Protexer o medioambiente e reducir o impacto da polución a base da aplicación das novas tecnoloxías.
- Reforzar a investigación tecnolóxica sobre a enerxía.
- Calquera outra análoga que sirva ao obxecto xeral da fundación.

En resúmen as accións a executar pola Fundación Axencia Intermunicipal de Enerxía de Vigo sobre a instalación solar fotovoltaica mencionada abarcarían principalmente as seguintes:

- A colaboración cos redactores do proxecto na definición técnica e no dese o antivandálico da instalación solar fotovoltaica.
- O depósito do aval correspondente á solicitude do réxime especial de produción da enerxía eléctrica.

- O seguemento do seu funcionamento e produción de enerxía eléctrica, mediante un sistema de control propio desenvolvido pola Axencia que monitoriza a instalación solar e realiza un tratamento estatístico dos datos extraídos.
- A difusión da información obtida á cidadanía, a través da organización de visitas guiadas, paneis informativos e trípticos descritivos da instalación, publicacións, etc. Asimesmo facilitarase o acceso a toda esta información a través da páxina web tanto do Concello como da propia Axencia.
- A xestión do mantemento e explotación da instalación, tendo en conta que os gastos ocasionados por estes conceptos serán sufragados a través dos ingresos obtidos pola venda da enerxía eléctrica producida á rede xeral eléctrica.

Por todo o anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1º.- *Propoñer á Fundación da Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo para :*

- *A colaboración cos redactores do proxecto na definición técnica e no dese o antivandálico da instalación solar fotovoltaica a realizar na urbanización de San Paio de Navia.*
- *O depósito do aval correspondente á solicitude do réxime especial de produción da enerxía eléctrica.*
- *O seguimento do seu funcionamento e produción de enerxía eléctrica, mediante un sistema de control propio desenvolvido pola Axencia que monitoriza a instalación solar e realiza un tratamento estatístico dos datos extraídos.*
- *A difusión da información obtida á cidadanía, a través da organización de visitas guiadas, paneis informativos e trípticos descritivos da instalación, publicacións, etc. Asimesmo facilitarase o acceso a toda esta información a través da páxina web tanto do Concello como da propia Axencia.*
- *A xestión do mantemento e explotación da instalación, tendo en conta que os gastos ocasionados por estes conceptos serán sufragados a través dos ingresos obtidos pola venda da enerxía eléctrica producida á rede xeral eléctrica.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

46(786).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 166,11 € A FAVOR DE NEXO S.L. POLA INSTALACIÓN DUNHA PERSIANA VENECIANA NA OFICINA MUNICIPAL DE TURISMO DE A PEDRA. EXPTE. 2386/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xeral, do 6.05.08, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Turismo, do 25.03.08, conformado polo tenente de Alcalde e concelleiro delegado da Área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar unha indemnización substitutiva por recoñecemento extra xudicial de crédito, por importe de 166,11€ a favor de NEXO SL, CIF: B-36875912, que se corresponde coa factura:

NEXO SL

CIF: B-36875912

Factura nº : 72507

Data: 01.08.2007

Nº e data de rexistro municipal de entrada: Doc. 70102232 de data 14.09.2007

Concepto: Persiana veneciana lamas 25 mm., 140 x 170, oficina de La Piedra

Importe: 166.11€,

que non foi paga, xa que o RC non era o adecuado e non existía partida, no presuposto de 2007, dotada con crédito adecuado e suficiente para facer fronte a iste gasto.

A indemnización substitutiva por recoñecemento extraxudicial de crédito realizaríase con cargo á partida 7510.625.0000 (adquisición de mobiliario e enseres), do vixente presuposto de 2008, para evitar un enriquecemento inxusto da administración municipal.

47(787).- SUBSCRICIÓN DO CONTRATO DE ARRENDAMENTO DUNHA VIVENDA DE PROPIEDAD DO CONCELLO NA RÚA ANDURIÑA. EXPTE. 4760/401.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón Xeral, do 29.04.08, asinado polo delegado de Urbanismo e Vivenda, que di o seguinte:

O 28.02.06 o Vicepresidente da XMU resolveu o seguinte: “(...) Segundo.-Dispoñe-lo cumprimento nos seus propios termos da sentenza nº 305/05 da Sala do Xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo de data 28/9/2005, recaída no procedemento abreviado nº 29/05, interposto por D. José Prado Fernández contra a inactividade do Concello de Vigo pola inexecución do acordo firme da Comisión de Goberno de 08/11/1996 no que se acordaba a derruba das obras realizadas por D. Ricardo Prado Costas e Benilde Costas López, consistentes na adición dunha planta, dunha superficie aproximada de 50 m² e ampliación de planta baixa, nuns 25m² aproximadamente, condenando á Administración demandada a executar esta resolución, no prazo máximo de seis meses (...)”.

Consta informe do departamento de benestar social no que se constata o seguinte: “(...) A unidade de convivencia, ten Historia social aberta no Departamento de Servicios Sociais do Concello de Vigo dende o ano 1996. Que a información que obra na mesma, reflexa o núcleo familiar carece de recursos económicos suficientes de subsistencia <menores de 400 €/mes>, habendo tres menores de corta idade en el domicilio (...)”.

Según información recabada polo departamento de planeamento e xestión da XMU, consta que o Concello de Vigo é propietario dunha vivenda desocupada na Rúa Anduriña. A mesma de acordo co previsto no artigo 26 do Decreto 257/2004, de 29 de outubro, sobre o réxime xurídico das vivendas de protección pública, locais de negocio e solo de promoción pública, as vivendas cedidas o Concello por parte do IGVS, deberán necesariamente ir destinadas a atender casos de especial necesidade e preferentemente a familias con ingresos ponderados anuais totais inferiores a 1,5 veces do índice de precios de efectos múltiples (IPRM).

En data 16.07.07 a Concelleira delegada da área de urbanismo e vivenda asinou a seguinte proposta: “(...) Á vista do informe do departamento de benestar social e tendo en conta que o Concello é propietaria dunha vivenda na rúa Anduriña e a mesma se encontra baleira, incoese expediente polo cal se formalice contrato de arrendamento da mesma con don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas. Constarán como causas de resolución as previstas polo departamento de benestar social (...)”.

O 26.09.07 o departamento de planeamento e xestión asinou proposta de aprobación de pregos polos que se van regular o contrato administrativo especial para o aloxamento temporal dunha vivenda propiedade do Concello de Vigo na rúa Anduriña. A mesma foi conformada pola Delegada da área de urbanismo e vivenda e visada de conformidade por parte da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

Logo da comunicación por parte da oficina de benestar social da exclusión da familia en cuestión no dispositivo municipal de inserción do II Plan Galego de Inclusión Social, dictouse providencia de arquivo do expediente.

O 25.02.08 remitiuse a esta Xerencia municipal de urbanismo, “folla de compromisos adquiridos” asinados por don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas.

Tra-la reanudación do procedemento, emitiuse informe de fiscalización do expediente o 13.03.08. Realizadas certas puntualizacións por parte do Interventor da XMU, precisa a rectificación do prego nalgúns aspectos sen que supoña unha alteración subsantancial do mesmo que implique un novo informe da Asesoría Xurídica do Concello.

A Xunta de goberno local na súa sesión de 7.04.08 adoptou o seguinte acordo: “(...) Tendo en conta o previsto no artigo 69 do real decreto legislativo 2/2000, de 16 de xuño, aprobar o prego de cláusulas administrativas

polo que vai rexer o procedemento negociado de contratación de referencia e que se reproduce como anexo I do presente informe-proposta. 2.-Ofrecer a subscripción do contrato administrativo especial a don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas. No prazo de 3 días dende a recepción da notificación, deberá manifestar por escrito a súa conformidade coa proposta do Concello. A hipotética aceptación deberá ser realizada segundo o Anexo II (...)

Dentro do prazo establecido, os interesados presentan a súa aceptación á proposta realizada.

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Natureza do contrato a subscribir con don José Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas.- A disposición adicional primeira da Lei 29/94, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos, establece unha remisión as normas particulares que regulan os arrendamentos de vivendas de promoción pública. O artigo 50 do real decreto-ley 3148/78, de 10 de novembro, establece que o réxime de uso e acceso das vivendas de promoción pública poderá ser en réxime de ocupación temporal, cedidas exclusivamente en precario, sendo por conta do precarista os gastos derivados do consumo e uso dos servizos de que se disfrute. Por outra parte, o apartado 2.b do artigo 26 do Decreto 257/2004, de 29 de outubro, sobre réxime xurídico das vivendas de promoción pública, esixe que as vivendas cedidas ós Concellos deban ser destinadas a atender os casos de especial necesidade e preferentemente a familias con ingresos ponderados anuais totais inferiores a 1,5 veces o IPREM. A natureza do contrato a subscribir parece estar excluído da regulación prevista na Lei 29/94, de 24 de novembro, de arrendamentos urbanos dada a especificidade da normativa reguladora do uso das vivendas de promoción pública. Así mesmo, tense que ter en conta que o Concello pretende o logro de certas finalidades de índole social previstas na proposta de benestar social e que concluirán coa participación dos futuros ocupantes da vivenda en actividades orientadas á inserción social-laboral e a inclusión no programa de Bolsa de Aluguer da Consellería de Vivenda. Por todo elo, ó abeiro do disposto no artigo 5.2.b do real decreto-lexislativo 2/2000, de 16 de xuño, podería entenderse que se trata dun contrato administrativo especial por satisfacer unha finalidade pública. O presente contrato se regulará polas disposicións legais e regulamentarias específicas sobre o réxime de uso das vivendas de promoción pública aludidas con anterioridade, polo previsto na lexislación de contratos das administracións públicas e subsidiariamente polas normas civís que sexan de aplicación.*

2.- *Procedemento e forma de adxudicación do contrato.- Unha vez recibida o escrito de aceptación, procede a adxudicación, previo informe de fiscalización. Así mesmo, tendo en conta o informado polo Titular da Asesoría Xurídica e a Intervención Municipal, procede a formalización dun acta de inicio do contrato no que se recolla o estado físico no que se encontra o inmovible.*

3.- *Competencia do Concello para a adopción do presente acordo.- O Concello ten competencia para a articulación de políticas e actuacións tendentes á prestación de servizos sociais, de promoción e reinserción social (letra k, do apartado segundo do artigo 25 da Lei 7/85, de 2 de abril). Así mesmo, poderán realizar actividades complementarias das propias doutras Administracións en materia de vivenda (artigo 28 da Lei 7/85, de 2 de abril).*

Segundo o previsto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local e a proposta do Concello delgado de urbanismo e vivenda, se propoñe á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1.- *Adxudicar o contrato administrativo especial para o aloxamento temporal dunha vivenda propiedade do Concello de Vigo sito na rúa Anduriña, nº 21, Bloque II-3ªA a don Jose Antonio Prado Costas e dona Purificación Alonso Costas. Con carácter previo, deberá recabarse informe de fiscalización.*

2.-*Requerir ós adxudicatarios para que no prazo máximo dun mes se proceda á formalización do contrato e con carácter previo á ocupación do inmovible, deberá asinarse acta de inicio do contrato no que se describa a situación do inmovible.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

48(788).- TOMA DE COÑECEMENTO DA CESIÓN REALIZADA POR D. MANUEL ANTONIO PÉREZ NIETO NA AVDA. DE CASTRELOS. EXPTE. 54246/250.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do técnico de Amdón. Xeral do Servizo de Xestión da Xerencia municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

Por escrito de 11.12.07 dona María Carmen Pérez Fontán solicitou o seguinte: "(...) Les ruego me faciliten documento acreditativo de la cesión de terreno al Ayuntamiento, efectuada en su día, por mi padre MANUEL ANTONIO PÉREZ NIETO con DNI 35.914.469 S, con motivo de la construcción de las aceras en la Avenida de Castrelos. Adjunto fotocopia de la escritura de donación, así como un plano de situación del terreno (...)".

En data 7 de abril de 2006, o xefe de negociado de vías e obras informa o seguinte: "(...) Visto el informe técnico de Cartografía de data 24 de xaneiro de 2008, donde reséñase que a cesión efectuada por Doña Carmen Pérez Fontán, para a construción de beirarrúas da Avda. de Castrelos foi de 80 m2. Dita cesión foi utilizada para a construción de beirarrúas na Avda. Castrelos (...) Todo isto debido á urxente necesidade do ensanche dalgúns camiños e vías públicas nas que se producen toda clase de continxencias e inconvintes polas súas estreitas dimensións e pola imposibilidade mediata de que se desenvolva algunha actividade de xestión ou desenvolvemento urbanístico. De acordo co exposto, por este departamento non existe inconvinte o recoñecemento e aceptación solicitado (...)".

Consta informe de data 31.01.08 do adxunto ó director dos servizos técnicos: "(...) El terreno que se cede está clasificado como Suelo No Urbanizable especialmente protegido SNU 4, según el PGOU 93 en suelo Rústico de Protección Forestal, según el PXOM (...)".

O 13.03.08 o xefe do negociado de vías e obras informou o seguinte: "(...) En relación ao asunto reseñado, significar que en Febreiro de 1999 a A.VV de Matamá presentou escrito de cesión de varios veciños da rúa, donde o veciño D. Manuel Antonio Pérez Nieto cedía 40 m2 o Concello para a construción de beirarrúas na Avda. de Castrelos. Posteriormente solicitouse documentación complementaria a A.VV de Matamá, que foi presentada na maioría dos casos de cesión nesta rúa; pero neste caso non, polo que declarouse a caducidade do expediente co conseguinte arquivo das actuacións, no que se refería este propietario. No presente expediente a documentación solicitada foi aportada pola agora propietaria do terreo, constatando o técnico de Cartografía que probablemente foron 80 m2 utilizados no ensanche e mellora da rúa. Polo que entendo procede reabrir o recoñecemento solicitado no seu día aos efectos de informalalo e aprobalo dando traslado do mesmo á interesada (...)".

En data 25.04.08 o xefe da oficina de cartografía e delineación informou o seguinte: "(...) Remítolle os planos adxuntos, nos que se reflicte a cartografía correspondente ó ano 1985, ademais da actual, da zona onde figura o trazado da Avda. de Castrelos. Unha vez comparados, o anterior e o actual trazado, pódese concluir que a cesión contabilizada é de 60 m2 aproximadamente (...)".

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- *Facultade da Entidade local para a adquisición de bens inmobles.- Según o artigo 15 da Lei 33/03, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, as Entidades locais poderán adquirir bens e dereitos por calquera dos modos previstos no ordenamento xurídico.*

2.- *Natureza do contrato a subscribir entre o Concello de Vigo e dona María del Carmen Pérez Fontán.- O apartado c do artigo 15 da Lei 33/03 prevé a posibilidade de que as Administracións Públicas adquiran bens por donación. O propio regulamento de bens das Corporacións Locais, no artigo 12 prevé a adquisición a título oneroso. O contrato de donación ven disposto nos artigos 618 e seguintes do Código civil, e se define como un acto de liberalidade polo cal a persoa dispoñe gratuitamente dunha cousa a favor de outra que a acepta. Do expediente pode deducirse que para a ampliación dunha zona de beirarrúas e aparcamento, se utilizou parte do terreo que era propiedade de don Manuel Antonio Pérez Nieto e dona Elisa Fontán Pereira.. Neste caso, consta no expediente informe técnico emitido polo adxunto ó director dos servizos técnicos no que se deduce que non existe inconvinte para recoñecer e aceptar o solicitado.*

3.- *Necesidade de que a donación sexa formalizada en escritura pública.- O artigo 633 do Código civil esixe que as donacións de cousas inmobles deban facerse en escritura pública, expresándose nela individualizada-*

mente os bens donados e o valor das cargas que deba satisfacerse. Trátase un requisito de carácter ad solemnitatem, así calificado pola Doctrina, en concreto pola STS de 13 de maio de 1963 (RJ 1963/2515), na que se mantén que as donacións de bens inmobles non documentadas en escritura pública son nulas de pleno dereito. Engade dita Xurisprudencia que as donacións non poden prevalecer polo transcurso do tempo, nen poden constituir xusto título para a prescripción adquisitiva, como tampouco a posesión adquirida pola donación non legalmente formalizada pode considerarse posesión a título de dono ós efectos de server de título para adquirir o dominio (447 Cc) ou usucapir (1941 Cc). No mesmo sentido se pronuncia a STS de 25 de xuño de 1966 (RJ 1966, 3550). A mesma deberá ser debidamente inventariada e inscrita no Rexistro da Propiedade. A donante xustifica a titularidade do ben, por medio dunha escritura pública de donación realizada por don Manuel Antonio Pérez Nieto e Dona Elisa Fontán Pereira no seu favor, en data 28.05.08.

4.- Órgano competente para a adopción do presente acordo.- De conformidade co disposto no artigo 127.1.f da Lei 7/85, a competencia corresponde á Xunta de Goberno Local.

Polo tanto, tendo en conta os antecedentes e fundamentos xurídicos, se propoñe á XGL a adopción do seguinte acordo:

1.- Tomar coñecemento da cesión realizada no seu día dunha superficie de 60 metros cadrados e, polo tanto, aceptar a donación dos mesmos actualmente propiedade de dona María del Carmen Pérez Fontán para a ampliación e ensanche da Avda. de Castrelos. Outorgaranse efectos urbanísticos á cesión, segundo se establezca na lexislación vixente.

2.- Dar conta da presente resolución ó departamento de vías e obras e patrimonio e o propio interesado para que se proceda á formalización en escritura pública a donación aceptada neste acto.

3.- Comunicar ós interesados que contra o presente acordo cabe interpoñer con carácter potestativo, recurso de reposición perante esta Administración no prazo dun mes, ou contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo. No que respecta ós efectos cívís do presente acordo, se poderá interpoñer reclamación previa perante a presente Administración segundo o artigo 120 e seguintes da Lei 30/92, de 26 de novembro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

49(789).- AXUDAS PARA A REHABILITACIÓN DE VIVENDAS NO CASCO VELLO DE VIGO E O BARRIO HISTÓRICO DE BOUZAS:

A) BAIXADA Á FONTE, 8-1º A. EXPTE. 362/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 30.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda e elementos comúns do inmovel localizado en R./ BAIXADA Á FONTE 8, 1º a Lautaro Javier Mateo-Morales Vila con NIF. 36162104D das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2010 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Lautaro Javier Mateo-Morales Vilaa axuda proposta de 19.000,00 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 12.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 7.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

B) BAIXADA Á FONTE, 8-2º A. EXPTE. 363/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 30.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación da vivenda do inmovel localizado en R./ BAIXADA Á FONTE 8, a Manuela Victoria Mateo-Morales Vila con NIF. 36162101Y das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco Vello, asinado o 08 de novembro de 2007 (9ª Fase) anualidade 2010 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder ao solicitante, Manuela Victoria Mateo-Morales Vilaa axuda proposta de 19.000,00 que será financiada polo Ministerio de Vivenda en 12.000,00 euros, e pola Consellería de Vivenda e Solo en 7.000,00 euros.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

C) RÚA PAULINO FREIRE, 16-18. EXPTE. 322/431

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 30.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 24/10/2007 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación de elementos comúns no inmovel localizado en PAULINO FREIRE (RUA) 16, executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 23 de abril de 2007 (3ª Fase) anualidade 2007 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente aos propietarios/inquilinos da lista axunta as cantidades de axuda máxima que figuran na listaxe con cargo á partida 4320.7802300 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Máx. Prot.	P.a-cepta-do CVS	Axu-da máx.	Axuda pro-posta €	Mo. V.	CVS
Emilia Rey Torres	3599779 7-Z	PAULINO FREIRE 16 - 1-c	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Javier Freiría Figueras	3612212 6-M	PAULINO FREIRE 16 - 2-c	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Secundino Batañ Cacheda	3521263 2-T	PAULINO FREIRE 16 - 3-c	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Juana Romero Frieiro	3307515 7-F	PAULINO FREIRE 16 - 4-c	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Pedro Lamela Taboada	3318167 8-S	PAULINO FREIRE 16 - 5-c	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Flora Fernández Fernández	3605918 2-N	PAULINO FREIRE 16 - 6-c	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Indalecio Gil Miguez	3578893 9-L	PAULINO FREIRE 16 - 1-d	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
M ^a Montserrat González Alvarez	3609657 9-B	PAULINO FREIRE 16 - 2-d	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Félix Fernández Lalin	3591371 6-K	PAULINO FREIRE 16 - 3-d	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Zacarías Abad Torres	3605739 0-Z	PAULINO FREIRE 16 - 4-d	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Dolores Posada Correa	3593587 8-B	PAULINO FREIRE 16 - 5-d	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
Mercedes Muras Troitiño	3522355 3-L	PAULINO FREIRE 16 - 6-d	1.601, 06	959,8 6	7.000	259,16	129,5 8	129,58
		TOTAL	19.212 ,72	10942 ,40	84.00 0	3.109, 92	1.554, 96	1.554,9 6

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

D) RÚA MARTÍN ALONSO PINZÓN. EXPTE. 342/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 24.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación emitida en data 22/04/2008 polo arquitecto municipal de finalización das obras de rehabilitación no inmovible localizado en MARTIN ALONSO PINZON (RUA) 010, 1 D, executadas ao abeiro do Convenio entre o CVS e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Bouzas, asinado o 27 de abril de 2006 (2ª Fase) anualidade 2008 cara á tramitación coa Consellería de Vivenda e Solo.

SEGUNDO.- Conceder definitivamente a Estela Bastida Pujales (DNI/NIF nº 36103758Z) a axuda de 12000 euros que será financiada polo Ministerio de Fomento na cantidade de 6000 euros e polo Instituto Galego da Vivenda e Solo na cantidade de 6000 euros. Conceder definitivamente a cantidade de 12000 euros con cargo á partida 4320.7802200 do orzamento da Xerencia de Urbanismo.

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda ao remate e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

E) ALAMEDA SUAREZ LLANOS, 25. EXPTE. 364/431.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da directora da Oficina de Rehabilitación, do 28.04.08, conformado polo concelleiro delegado de Cascos Históricos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar provisionalmente o expediente de axuda para a rehabilitación do inmovible localizado en SUAREZ LLANOS (PRAZA) 025, segundo o cadro axunto, das obras executadas ao abeiro do Convenio entre a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Vigo en materia de rehabilitación de edificios e vivendas na Área de Rehabilitación Casco histórico de Bouzas, asinado o 28 de novembro de 2007 (4ª Fase), anualidade 2010 cara a tramitación da CVS.

SEGUNDO.- Conceder aos solicitantes, as axudas propostas que serán financiadas polo Ministerio da Vivenda e pola Consellería de Vivenda e Solo nas cantidades sinaladas no cadro.

Nome e apelidos	DNI/NIF	Situación	Presuposto Protexíbel	P.aceptado Consell viv. e solo	Axuda máx.	Axuda proposta € *	Min. Fom.	Consell. viv. e solo
Fernando Couñago Pérez	35.992.496-A	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 025-0	46310,88	46310,88	7.000	7.000	4000	3000
Fernando Couñago Pérez	35.992.496-A	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 025-1	119.391,48	119.391,48	19.000	19.000	9500	9500
Beatriz Couñago Otero	76993160-Q	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 025-2	118.065,38	118.065,38	19.000	19.000	9500	9500
Beatriz Couñago Otero	76993160-Q	SUAREZ LLANOS (PRAZA) 025-3	165.948,41	165.948,41	19.000	19.000	9500	9500

TERCEIRO.- Condicionar o pagamento efectivo da devandita axuda á finalización e recepción municipal das obras, e á previa acreditación de que o gasto se aplicou á súa finalidade mediante os correspondentes documentos xustificativos.

CUARTO.- Notificar este acordo ao interesado, conforme co disposto nos artigos 58 e 59 da L.30/92, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común (LRX-PAC).

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

50(790).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES PARA A REDACCIÓN DE INSTRUMENTOS DE DESENVOLVEMENTO. EXPTE. 10963/411.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta asinado pola xerente municipal de Urbanismo e polo concelleiro delegado de Urbanismo, do 15.05.08, que di o seguinte:

En data 11.01.08 foi publicada no Diario Oficial de Galicia a Orde de 28 de decembro de 2007 polo que se regula a concesión de subvencións aos Concellos de Galicia para a redacción de instrumentos de planeamento urbano durante o ano 2008.

Entre os instrumentos de planeamento cuxa redacción pode ser obxecto de subvención atópanse os Plans especiais definidos nos artigos 69 e 72 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, incluso aqueles que á data de entrada en vigor da orde estivesen xa contratados ou en fase de contratación e que aínda non acadasen a súa aprobación definitiva.

Este é o caso do 1. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE E DA CIDADE CENTRAL DE VIGO (expediente 8031/411) que foi contratado polo Concello o 10.08.2005, e que superada a fase de Avance atópase en fase de redacción a documentación para aprobación inicial.

Igualmente, neste momento en que parece estar próxima a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación do Término municipal de Vigo, débese considerar a necesidade de redactar e desenvolver o planeamento de iniciativa pública previsto como tal. Entre os instrumentos de desenvolvemento do PXOM previstos de iniciativa pública no primeiro cuatrienio atópanse os plans especiais de protección e acondicionamento de dous sistemas xerais estratéxicos e relevantes:

2. PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO LITORAL URBANO (ALCABRE-SAMIL) SX/ EL-ZV/B07

3. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO CORREDOR DO LAGARES E MONTE DA XERRA SX/ EL-ZV/B09 E SX/ EL-ZV/B17

Estos tres plans citados, teñen as características indicadas no artigo 69 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, sendo obriga do Concello a redacción dos mesmos.

O importe dos honorarios de redacción,, incluído IVE, calculados segundo o baremo orientativo do Colexio Oficial de arquitectos de Galicia é o seguinte:

<i>INSTRUMENTO DE PLANEAMENTO</i>	<i>HONORARIOS CON IVE</i>
<i>1. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE E DA CIDADE CENTRAL DE VIGO. (XA CONTRATADO)</i>	<i>555.000 € (Orzamento de contrato)</i>

2. PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO LITORAL URBANO (ALCABRE-SAMIL) SX/ EL-ZV/B07	110.926,88 €
3.. PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO CORREDOR DO LAGARES E MONTE DA XERRA SX/ EL-ZV/B09 E SX/ EL-ZV/B17	348.514,73 €

No artigo 3º da devandita Orde, esixe a presentación dun escrito de solicitude de subvención por persoa que teña a representación segundo o modelo que figura no Anexo I. Así mesmo, precísaxe do achegamento de certa documentación que forma parte do presente expediente e que será remitida á Dirección Xeral de Urbanismo dentro con anterioridade ó 31.05.08:

- Memoria explicativa da finalidade da subvención que se solicita, facendo mención as circunstancias que concorren no concreto caso do Concello de Vigo.
- Documentación acreditativa dos antecedentes da contratación dos traballos do PEEC.
- Cronograma que recolle as previsións de execución dos traballos para os cales se solicita a subvención, segundo o modelo previsto como anexo II da Orde de 28.12.07.
- Orzamento base estimado subvencionable, incluíndo unha valoración xustificada do custe da súa redacción con base na finalidade, extensión e complexidade dos traballos para os que se solicita a subvención, subscrita todos eles por técnico competente.
- Achégase certificado que acredita a personalidade e a competencia do Sr. Alcalde-Presidente para actuar en nome e representación do Concello de Vigo.
- Certificado de aprobación na Xunta de goberno local da presente informe-proposta.
- Expresa declaración de que o Concello de Vigo non ten concedida nin solicitada ningunha axuda para a redacción dos instrumentos relacionados con anterioridade, de acordo co previsto no modelo do anexo IV da Orde.
- Expresa autorización da Xunta de goberno local para que a Xunta de Galicia poida utilizar o documento de planeamento obxecto da subvención, publicacolo de xeito convencional ou a través de páxina web, así como para que poida percibir, de ser o caso, os importes para o resarcimento dos custos derivados da publicación e/ou venda de contidos do documento de planeamento subvencionado, utilizando o modelo previsto no anexo V da Orde.

O Concello de Vigo é susceptible de ser beneficiario ó abeiro do apartado segundo do artigo 1 da Orde de 28 de decembro de 2007. Así mesmo, en atención á exposición de motivos da mencionada disposición administrativa de carácter xeral, o tratarse dun Concello cunha poboación maior dos 50.000 habitantes se ten que subscribir o correspondente convenio no que se estabrezcan as específicas condicións.

Os servizos técnicos da Oficina de Planeamento da Xerencia elaboraron a documentación que se debe adxuntar á solicitude de subvención para a redacción dos tres instrumentos de desenvolvemento, de acordo coas condicións que se fixan no artigo 5º da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, que regula a súa concesión.

Por todo elo, PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO PRESENTE ACORDO:

1.- Solicitar á Dirección Xeral de Urbanismo a subvención para a redacción dos seguintes instrumentos de desenvolvemento:

a) PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN DO ENSANCHE E DA CIDADE CENTRAL DE VIGO

b) *PLAN ESPECIAL DE REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO LITORAL URBANO (ALCABRE-SAMIL) SX/ EL-ZV/B07*

c) *PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN, REXENERACIÓN AMBIENTAL E ACONDICIONAMENTO DO CORREDOR DO LAGARES E MONTE DA XERRA SX/ EL-ZV/B09 E SX/ EL-ZV/B17*

, previstos todos eles no PXOM que se encontra actualmente pendente da súa aprobación definitiva. Para elo, fáculase o Sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do modelo de solicitude e resto de documentación normalizada e contida nos anexos da Orde da CPTOPT de 28 de decembro de 2007.

2.- *Achegar toda a documentación mencionada no artigo 5º da Orde da CPTOPT de 28 de decembro e descrita nos antecedentes da presente proposta.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

51(791).- SOLICITUDE DO CLUB CICLISTA RÍA DE VIGO DE AUTORIZACIÓN PARA ORGANIZAR O “OPEN RÍA DE VIGO DE CICLOMASTER” O DÍA 25.05.08. EXPTE. 7816/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 9.05.08, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar ao Club Ciclista Ría de Vigo a organizar o vindeiro domingo 25 de maio de 2008, Open Ría de Vigo de Ciclomaster, o percorrido de 2,4 Kms, terá a saída dende a rúa Alcalde Portanet e seguirá á altura da entrada da Grada de río do Estadio de Balaidos en sentido Castrelos, rodeando o estadio pola Rúa Val Miñor na súa marxe cercana a grada de tribuna, rúa dos Olímpicos, rúa Alcalde Portanet sentido San Andrés de Comesaña, subida polo acceso á circunvalación, xiro na rotonda e acceso a rúa Alcalde Portanet sentido a Castrelos, para chegar á meta na rúa Alcalde Portanet . Esta proba comenizará ás 17.00 horas e rematará arredor das 19.00 horas.

52(792).- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE PARA A OBRA “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE COIA-VIGO”. EXPTE. 7823/333.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do director deportivo do IMD, do 15.05.08, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Solicitar a subvención para a obra “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL DE COIA-VIGO”, ao abeiro do establecido nas bases da Orde de 5 de marzo de 2008, que regula a convocatoria da Consellería de Cultura e Deporte sobre a solicitude de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de obras de infraestruturas deportivas de titularidade pública ou privada e para a adquisición de equipamento deportivo, publicada no DOG nº 50 do 11/03/2008.

2º.- Aprobar o proxecto básico e de execución de “SUBSTITUCIÓN DE CUBERTA NO POLIDE-PORTIVO MUNICIPAL DE COIA-VIGO”, por un importe total de 79.773,32 €, redactado por Naos 04 Arquitectos, S.L, por encargo da concellaría de Deportes.

3º.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita Orde de 5 de marzo de de 2008 (DOG nº 50 do 11/03/2008).

53(793).- PROPOSTA PARA INTERPOR RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO CONTRA RESOLUCIÓN DO CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO 26.02.08.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta do titular de Asesoría Xurídica do 9.05.08, conformada pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local acorda:

Interpor recurso contencioso-administrativo contra a resolución do conselleiro de Medio Ambiente e desenvolvemento Sostible, de data 26 de febreiro de 2008, desestimatoria do requirimento previo deste Concello de Vigo para a anulación da resolución do presidente de Augas de Galicia de 18 de maio de 2007, pola que se outorgou unha concesión de augas para aproveitamento hidroeléctrico a favor da mercantil Hidroeléctrica de Eiras, S.L., nos concellos de Ponte Caldelas e Fornelos de Montes, na provincia de Pontevedra.

54(794).- RESOLUCIÓN SOBRE O CAMBIO DA CELEBRACIÓN DAS SESIÓNS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL POR COINCIDENCIA COAS SESIÓNS PLENARIAS.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta da resolución de Alcaldía, de data 30.04.08, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Coa finalidade de evitar os problemas que se producen pola coincidencia nun mesmo día das sesións do Concello Pleno e da Xunta de Goberno e de conformidade co previsto no artigo 112 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro, teño a ben ditar a seguinte RESOLUCIÓN:

Primeiro. Anular a Resolución desta Alcaldía de data 24 de abril de 2008 sobre este asunto.

Segundo. Modificar o apartado cuarto da Resolución da Alcaldía de data 20 de xuño, que queda redactado da seguinte forma:

Cuarto. A Xunta de Goberno Local, previa convocatoria desta Alcaldía, realizará sesións ordinarias na denominada “Sala de Goberno” todos os luns non festivos de cada semana ás 8.00 horas en primeira convocatoria e unha hora despois (9.00 horas) en segunda. No caso de que coincida no mesmo día sesión do Pleno do Concello ou cando o día luns fixado sexa festivo a sesión terá lugar o venres anterior á mesma hora. Non obstante o previsto a Alcaldía poderá adiantar ou atrasar as sesións ordinarias, así como suspendelas, con ocasión de períodos vacacionais sempre que elo non menoscabe a xestión dos asuntos municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

55(795).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove e vinte horas. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.